

Número 14 - Ano 2022.

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

22 de decembro de 2022

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás doce horas e cinco minutos do día vinte dous decembro de dous mil vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL, que xustificou a súa ausencia e abandonan a sesión antes de levantarse esta, DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO, que o fai cando son as 13,00 horas, e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, que o fai o cando son as 14,15 horas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 19 de decembro de 2022, e notificada por Secretaría aos membros da Corporación, para levar a efecto o DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO, previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo no seu artigo 114.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no referido debate, producíndose as seguintes intervencións:

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bo día a todos e a todas. Hoxe imos dar comezo á convocatoria de sesión plenaria para facer o debate sobre o estado do Concello, tal e como recolle o ROMPE. Imos proceder... Gustaríame saudar como sempre a todos os concelleiros e concelleiras dos grupos municipais, á veciñanza que nos segue vía online, xornalistas que hoxe nos acompañan para celebrar hoxe o terceiro e último debate do estado da cidade deste mandato.

Pero non debemos esquecer que é o primeiro que se desenvolve con total normalidade, coa presenza de toda a corporación neste salón de plenos, xa que as restricións vinculadas á pandemia nos obrigaron a organizalo por *streaming* nos anos 20 e 21.

E quero comezar con esta lembranza porque o balance de xestión deste último ano vai estreitamente unido ao balance do resto do mandato, e, polo tanto, os proxectos e recursos que activamos estes últimos anos ante a maior emerxencia social, sanitaria e económica da nosa historia recente condicionou as nosas vidas e tamén o devir municipal.

Foi un desafío sen precedentes ante o que despregamos unha enorme intensidade de xestión política e funcional, obrigados por unha situación que desbordou as previsións e que impulsou a este goberno local e ao resto dos servidores públicos do Concello a traballar sen descanso, sendo a nosa prioridade colaborar e contribuír a paliar esta crise. A dificultade pandémica súmase á situación de inflación actual cun índice de prezos ao consumo disparado, debido ao incremento dos prezos da enerxía, a raíz da terrible guerra de Ucraína, conflito bélico do que aínda non se albisca un final.

E non debemos nin podemos perder de vista este contexto mundial de enorme complexidade que nos afecta a toda a sociedade e, tamén, ao goberno local, porque nos impuxo cambio de tempos e de prioridades e, se ben, non somos culpables nin podemos elixir o contexto, actuamos sempre coa máxima responsabilidade, adoptando medidas de xestión, buscando axilidade e eficiencia para enfrontarnos a estas realidades.

No equipo de goberno que lidero, tivemos clara a nosa acción política desde o primeiro minuto. Deberíamos ser contundentes e claros nas nosas apostas pola protección dos máis vulnerables, así como das economías familiares dos e das lucenses e dos sectores productivos, seguindo ao mesmo tempo o camiño trazado de modernización para gañar un Lugo de oportunidades.

Ocupámonos do importante e do urxente, como xa explicamos en balances anteriores deste mandato. Asentamos as bases da recuperación social e económica da cidade, dos vindeiros anos, e avanzamos claramente na segunda gran transformación de Lugo. Unha das claves do meu compromiso como alcaldesa neste mandato que se articulou desde todas as áreas de goberno.

Un novo modelo urbanístico, social e económico coa veciñanza, no centro das nosas accións, e baseado na humanización, na sostibilidade e na innovación. Está en marcha e vén mellorar a nosa calidade de vida. É imparabile.

Non continuo nin asumilo por cuestións partidistas, ideolóxicas ou de mero ataque político, coa mirada curta e non ... porque está en xogo a nosa saúde, a do planeta e o legado que lle deixaremos ás vindeiras xeracións.

Por iso, o balance de xestión destes catro anos, malia á súa enorme complexidade, e aos retos ante as grandes decisións, que claramente é positivo para a cidade, que sae reforzada e con máis ferramentas que nos posicionan á vangarda para impulsar o noso crecemento.

Os orzamentos, claramente sociais e expansivos que acabamos de aprobar, continúan nesa folla de ruta no ano 23, para que a nosa cidade medre ao ritmo que necesita e merece a nosa veciñanza.

Fronte aos bloqueos vividos no mandato pasado pola totalidade dos grupos da oposición, os orzamentos municipais neste mandato creceron máis dun 18% en tres anos, e que se caracterizan por dispoñer das partidas máis altas da historia destinadas a fins sociais, son froito da estabilidade do goberno acadada e amosan claramente que cando existe un compromiso real coa cidade, importan os proxectos e non as cores dos partidos.

Pedir melloras para o municipio e logo non aprobar os instrumentos financeiros necesarios para acometelas reflicten pouco amor por Lugo.

E se a folla de ruta que representan os orzamentos municipais non está exenta de dificultades, efectivamente como dificultades atopamos nos dous anos anteriores, porque esta Administración local afrontou os gastos extraordinarios derivados da pandemia en total e absoluta soidade, só con recursos propios, porque, é bo non esquecelo, a Xunta non transmitiu nin un só euro a Lugo nin á outra cidade para afrontar os gastos extraordinarios da pandemia. Gastos que se cifran en 620 millóns de euros que asumimos os concellos de competencias impropias en absoluta soidade.

Nin sequera para asumir as súas competencias, malia a incrementar os orzamentos autonómicos un 10% grazas ás achegas do Goberno central para este fin.

A estes gastos extraordinarios afrontados en solitario, como dicía, sumouse outra consecuencia da pandemia para as arcas municipais: unha diminución de ingresos,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

de catro millóns de euros, no ano 20, derivada fundamentalmente da ausencia de actividade durante e despois do estado de alarma, co freo do investimento privado pola incerteza financeira que paralizou moitos sectores, nomeadamente a industria e o sector servizos, entre eles, a hostalería e o comercio, cun peso importante no PIB local, pero que tampouco foi alleo á construción dun dos polos de negocio máis importantes da nosa cidade.

Pero afrontámolo con fortaleza e con políticas de estímulo, grazas a unhas contas municipais con liquidez, xa que gozamos dunha economía saneada con débeda cero dende o ano 17. Débeda, a longo prazo, que se foi amortizando, e débeda que no ano 99 ascendía a 60 millóns de euros, por certo, este ano, último ano do goberno do PP en Lugo, esta foi a súa herdanza nesta Administración local.

Con esta solvencia, puidemos paliar as consecuencias da pandemia, salvando empregos e coidando os colectivos vulnerables, activando entre outras medidas, axudas directas por valor de 6 millóns de euros para as pequenas empresas e autónomos, que asumían os gastos do día a día cando non tiñan ingresos.

Mantivemos as empresas prestadoras do servizo do Concello, co fin de evitar estes, beneficiando así a 700 familias. Duplicamos as axudas en emerxencia social e reforzamos a atención nos domicilios e as axudas ao alugueiro, entre outras moitas medidas de protección. E moitas delas viñeron para quedarse.

De maneira paralela, impulsamos o investimento público.

1. Porque fronte a outros gobernos que noutras épocas viron os recortes como solucións, que finalmente só causaron sufrimento, este goberno municipal optou por impulsar mecanismos que servisen de acicate ao investimento privado para seguir progresando.

Falamos dunha solvencia que mantemos a día de hoxe, tal e como sostivo o interventor municipal no último Pleno, onde definiu, parece que para sorpresa dalgúns, a solvencia financeira dunha institución como a capacidade para enderezar o rumbo ante as situacións que afrontan.

E non se entende mellor a capacidade de adaptación, resistencia e crecemento deste Concello, que nestes anos de crises mundiais sobrevidas.

Grazas a esta capacidade, tamén fomos quen neste mandato de seguir mantendo conxeladas as taxas e os impostos municipais, porque entendemos que non é o momento de impoñer máis cargas á veciñanza, cando a máxima preocupación é chegar a fin de mes. Afondando así nun ciclo de contención fiscal sen precedentes que debe contribuír a apuntalar o período de recuperación económica, son estas as decisións políticas que, sustentadas en criterios técnicos, nos reclaman os cidadáns cando depositan a súa confianza en nós.

Lugo pode mirar ao presente e ao futuro con optimismo, fronte aos que critican todo por sistema pensando en que así, e só así obterán réditos electorais, pero a realidade é teimuda.

A cidade atópase en plena transformación, e os grandes cambios están tamén a ser posibles, porque no tempo que levo á fronte do Concello estamos a xestionar 44,5

millóns de euros de fondos europeos, máis de 17 deles acadados neste último mandato.

Estes recursos extraordinarios tan importantes para os concellos e que a oposición tanto deosta, só porque a súa consecución e desenvolvemento recaen nesta Alcaldía, son os que nos están permitindo avanzar con maior rapidez, atendendo ás demandas da cidadanía, integrando todos eles nunha grande estratexia transformadora de cidade, máis sostible e verde, que mellore os nosos xa altos indicadores de calidade de vida e que nos sitúe á vangarda na loita contra o cambio climático.

Nesta liña, quero destacar a forza dos fondos Next Generation, lanzados polo Goberno central tras a pandemia, como revulsivo do cambio na transición ecolóxica, que agora marca Europa e que para nós sempre foi unha convicción e cos que investiremos 9 millóns de euros para a peonalización integral do centro histórico.

Gañaremos espazos para a cidadanía, para encheiros de vida... Poñeremos en valor os espazos emblemáticos, renaturalizaremos as prazas e rúas coa fin de minorar a contaminación atmosférica, os niveis de ruído e as vibracións, altamente prexudiciais para a saúde, pero tamén para a conservación do patrimonio histórico e patrimonial, especialmente para os bens patrimonios da humanidade.

Será a primeira zona de baixas emisións de Lugo, tal e como nos obriga a lexislación, e na que traballamos agora cos procesos de escoita e de suxestións da veciñanza.

Na liña da eficiencia enerxética demos tamén grandes pasos, con 3,3 millóns de euros de fondos Idae, co que actuamos en oito instalacións municipais. Para nós tamén é un compromiso firme iniciar estes deberes na nosa casa, que suporá ademais un importante aforro enerxético de entre un 18 en un 42% nun momento de altas subas no prezo da luz.

Neste mandato, destacamos obras de gran calado, como son as que desenvolvemos nel moitas medidas grazas a estes fondos. Podemos falar da estratexia Dusi Miramiñai. Queremos un salto de xigante na dixitalización da nosa administración electrónica, impulsada tamén polo Smart Cit, gañando en eficiencia nos procesos internos e proximidade cos administrados.

Foi esa modernización a que nos permitiu, por exemplo, entregar con axilidade as axudas directas do Reanima e o Reactiva, cando a xente máis o necesitaba.

Este ano, ademais, acadamos 383.000 euros dos fondos Next Generation para seguir con esta gran transformación dixital, melloramos a conectividade da trama urbana co río, a pé e en rutas ciclables... Hoxe, os nosos pequenos poden trasladarse por unha senda urbana segura, en bicicleta, desde as súas vivendas en oito barrios da cidade, e gozar do Miño e das instalacións deportivas.

A Mesa da Bicicleta, posta en marcha tamén neste ano, axudará a incentivar esta mobilidade neutra en carbono á que estamos obrigadas todas as cidades.

Á pasarela Tanxurela, que xa abrimos e que é usada por miles de persoas cada semana, sumaranse en xaneiro o paso soterrado da Nacional VI, xa case finalizado,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

mentres avanza a bo ritmo a peonalización da Calzada da Ponte, e axiña se iniciará a actuación de mellora na rúa Pousadela.

Avanzamos tamén na posta en valor dese barrio tan singular da nosa cidade como é o barrio do Carme, outro proceso imparabile para recuperar unha das zonas de maior beleza da cidade. É un barrio que debemos de preservar pola súa localización ao lado da Muralla e polo patrimonio que alberga.

Á actuación de mellora do Camiño Primitivo e a Vía Romana 19, unirase tamén a peonalización da rúa do Carme, pendente aínda dos cambios que nos está a marcar Patrimonio da Xunta, ao mesmo tempo que continuamos coa recuperación da cloaca, única obra de rehabilitación do noso patrimonio romano en marcha actualmente, ante a inacción de quen ten as competencias, que é a Xunta de Galicia.

Acabamos de abrir ao público o novo parque: o Parque da Lembranza, que pronto inauguraremos co conxunto escultórico que recordará as vítimas da pandemia e tamén os sectores que estiveron en primeira liña.

Estamos a analizar o deseño do gran parque de cultura romana castrexa de Galicia. Finalizamos o edificio interxeracional de Lamas de Prado que axiña abriremos sumando unha nova dotación social á cidade para a atención de mil persoas.

Súmase tamén o centro interxeracional Paco Martín, posto á disposición da cidadanía, onde recuperamos tamén pois esa infraestrutura para uso e disfrute veciñal. Estamos a punto tamén de inaugurar as caldas, que será un revulsivo social e turístico, e comezamos as obras do que será o primeiro coliving artístico municipal, que contará cunha gran zona axardinada para actuacións culturais ao aire libre.

Ao mesmo tempo, utilizamos os proxectos de eficiencia enerxética en instalacións deportivas e nas Costas do Parque, así como no propio Parque Rosalía. Pero o Dusi non só se trata de actuacións de obras, senón tamén dunha acción social e de emprego, co plan de embelecemento da cidade, co que xa actuamos en máis de 70 intervencións, dando resposta ás peticións da veciñanza a través dun proceso de participación cidadá e impulsamos a inserción das persoas con discapacidade.

Este plan, como lembrarán, dá continuidade ao dito efecto co que demos emprego e axudamos á inserción laboral a 27 persoas en risco de exclusión social.

En canto ao programa Life, Lugo máis biodinámico, sitúanos xa no mapa galego, estatal e internacional como cidade innovadora na construción de cidades sostibles.

A comisión europea acaba de ratificarnos como exemplo para outras urbes de tamaño medio, esta mesma semana, proxectos Life á vangarda de toda España destacaron a Lugo polas súas políticas decididas en urbanismo sostible, a través da renaturalización e a confortabilidade dos espazos públicos.

Unha construción respectuosa e unha mobilidade neutra en carbono para mellorar a vida das persoas e o medio ambiente. Obras como o impulso verde, o deseño do barrio multiecolóxico, o novo bosque urbano reforestado con 21 hectáreas, os espazos verdes innovadores cos hortos comunitarios didácticos e terapéuticos, o

catálogo de solucións sostibles, que xa é unha referencia en ámbitos municipais e privados de toda España, axudarán a impulsar a imaxe exterior da nosa cidade nun ámbito ata o de agora reservado só para o noso patrimonio romano, situándonos en primeira liña no ámbito dos novos modelos de cidades mas resilientes, na loita contra o cambio climático e que apostan polos recursos naturais como a madeira local, como elementos estruturais na construción de edificios en altura.

Centenares de entradas en Google, e así tamén o certifica a presenza reclamada da cidade en foros nacionais e internacionais para explicar a súa experiencia, así como as decenas de visitantes prestixiosos que pasaron xa polo edificio Impulso Verde, aínda antes da súa inauguración, pero tamén alumnos de colexios e institutos de toda Galicia.

E mesmo, a Xunta pediu coñecelo para integralo no seu proxecto internacional ... e impulsar a construción en madeira, seguindo agora os nosos pasos, que somos a primeira administración en España en apostar pola madeira nas dotacións públicas no ámbito autonómico.

Esta imaxe no exterior non é baladí, xa que supón un forte impulso á cidade como motor tractor e da atracción de empresas vinculadas coa bioeconomía e coa economía verde.

Este impulso de marca de cidade está acompañado polas nosas políticas de dinamización económica para reter e atraer talento e empresas e industrias de alto impacto social innovador e ambiental, a través do fondo inversor Lugo Transforma, co que esperamos crear mil postos de traballo directos e o triplo de indirectos nun prazo de catro anos.

Fondo que xa tivo e convocou os seus dous primeiros comités investidores, onde xa alumean iniciativas que ratifican estas expectativas postas neste fondo de capital risco.

Con esta iniciativa pioneira en Galicia e segunda activada en España, estamos a mobilizar o maior investimento económico municipal para a creación de emprego de calidade, 12 millóns de euros, fondo ao que se sumaron as grandes empresas da nosa cidade, pero tamén de fóra, con outro millón de euros para apostar por esta iniciativa e crear emprego e, polo tanto, riqueza para Lugo.

Buscamos acompañar ademais estes investimentos cos avances da Mesa da Diversificación Industrial, na que traballamos man a man con axentes económicos, e na que decidimos apostar por fornecer os sectores vinculados coa sostibilidade, a industria agroalimentaria e forestal e a innovación.

A dinamización económica é, pois, unha prioridade do meu mandato, e ademais de promover unha marca propia de Lugo á vangarda, tamén traballamos para promover a economía dos emprendedores, dos barrios e do rural.

Este ano máis de 800 comercios e locais de hostalería de todo Lugo uníronse ao movemento localmente lucense para animar a compra de proximidade no que investimos un millón de euros.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Dende o Centro de Emprendemento e Innovación, dende o Cei-Nodus, axudamos, a través do programa Coworking, a desenvolver 91 proxectos de emprendedores, entre os 22 e os 59 anos de idade.

Entre eles, os 26 primeiros de toda España, postos en marcha neste programa durante a pandemia, demos formación a máis de 2.800 persoas nas distintas accións formativas, tanto as dirixidas aos empresarios en activo como ás persoas que necesitaban mellorar a súa empregabilidade para buscar un posto de traballo, sempre enfocados a empregos con maior índice de colocación.

Nesta promoción da nosa economía non podía faltar o turismo. Neste ámbito veñen de confirmarnos que somos beneficiarios de 2 millóns de euros para o Plan estratéxico de turismo sostible que presentamos aos fondos Next Generation. Será o primeiro que terá Lugo despois de 20 anos, e fomos os únicos da provincia en acadalos.

Presentamos un ambicioso proxecto, moi ben valorado, baseado na gastronomía, por ser esta un factor prioritario este ano nas políticas turísticas do Goberno central e autonómico, e que se basea en impulsar o noso posicionamento turístico en tres piares claves: a nosa historia e patrimonio, a gastronomía (todos recordamos “E para comer, Lugo”) e a natureza, xa que nos atopamos integrados na reserva da biosfera Terras do Miño.

Entre as numerosas accións que poñeremos en marcha, unha gran parte cun compoñente tecnolóxico sostible que está apoiado polos axentes turísticos é a recuperación na ribeira do Miño o edificio da Fábrica da luz, como un centro de enogastronomía para proxectar os produtos locais, pero tamén recuperando as actividades e oficios que tradicionalmente se podían realizar en Lugo.

O proxecto foi dos mellores valorados polo Goberno central, e tamén conta co visto e praxe da Xunta de Galicia. Unha vez máis, vemos a disonancia entre o PP local, que tamén criticou este proxecto, fronte ao apoio do goberno galego, que o ve tremendamente positivo para a articulación turística da comunidade.

Así mesmo, desde un punto de vista da economía turístico-cultural, este mandato, e malia as pandemias, podemos presumir de ter celebrado algunha das edicións do San Froilán, Arde Lucus, o Caudal Fest, que seguimos traballando para mellorar a súa imaxe e a súa proxección, como no caso do Arde Lucus, a consecución desa festa de Interese Turístico Internacional. E iso tamén grazas ao comportamento exemplar da cidadanía.

Os fondos europeos permítennos, como dicía, avanzar a maior velocidade nos grandes proxectos de cidade, pero este goberno local está a realizar un enorme esforzo en investimentos na mellora en todos os barrios e no rural.

Así no rural temos investidos 6 millóns de euros cos que melloramos a calidade de vida en case todas as parroquias clave para poder asentarse alí a poboación.

Na Área de Medio Ambiente, na que entrará en vigor en dúas semanas o novo contrato de mantemento de xardíns, que duplicará os coidados da superficie actual, foi prioritaria a creación de novos espazos verdes e renovación e execución dos novos parques infantís. Falamos da creación da praza das Lavandeiras, das

melloras do Parque Rosalía de Castro, das áreas de zona recreativa do paseo do Miño, onde instalaremos a zona de baño pública, que é obxectivo irrenunciábel deste goberno, dos xardíns de San Roque, das remodelacións dos parques de Novo Freire, avenida das Américas, praza de San Xoán e rúa Aquilino Iglesia Alvariño, a ampliación e cubrición da praza de Augas Férreas, entre outras. En breve, ampliaremos tamén as áreas de xogo infantís existentes na rúa Aviador Parga Cerezo e na rúa Roi Xordo. Renovaremos tamén o parque da praza de Campo Castelo e reformaremos a praza do Castiñeiro.

Tamén traballamos para cubrir o parque da Fonte dos Ranchos, que sería o cuarto cuberto da cidade, xunto ao de Augas Férreas, Agro do Rolo e a zona do Miño, e estas son só algunhas das obras que en breve serán realizadas dende a Concellería de Medio Ambiente, onde se está a pór en marcha o novo contrato de limpeza e recollida de lixo, que suporá un antes e un despois da imaxe da cidade, sempre baixo os máis altos estándares ecolóxicos, como xa podemos ver.

Este mandato tamén foi o dos grandes avances nas humanizacións e peonalizacións da cidade. Recentemente, o propio concelleiro de Infraestruturas lembraba que se gañaron 18.000 metros cadrados para a veciñanza, que antes estaban ocupados polos coches, practicamente dúas hectáreas do novo terreo peonil.

Pero non podemos falar de Lugo sen citar a súa mocidade, o presente e o futuro de Lugo, as persoas que lideran esta cidade e coa que comezamos este ano a traballar no marco da axenda urbana 2030, que é a folla de ruta da cidade para os vindeiros anos.

No Consello da Mocidade, onde terán o seu espazo para deseñar con nós o municipio que desexen, traballamos con eles tamén dende a formación e alternativas de ocio, onde participou unha media de máis de 6.000 mozos e mozas cada ano.

Foi este ano tamén o ano de cumprimento de débedas históricas coa cidadanía e avances sobre estas, como poden ser os propios avances nas vivendas da Croa, para rexistrar o parcelamento dos predios, antes de cederllos, por fin, aos seus propietarios.

Hai a eliminación da pasarela da esquina de San Roque, que naceu como provisional hai 30 anos e da súa urbanización, actuación que dignificará unha contorna de alto valor patrimonial, resolvendo dunha forma axeitada, respectuosa e permanente as condicións de tráfico peonil e rodado en toda a zona.

A creación de zona de baño pública no Miño, onde xa fixemos os investimentos e volveremos reivindicala, fronte a unha Xunta paralizante. E non quería pechar tampouco esta exposición, esta intervención, sen destacar que todos estes pasos non sería posible sen avanzar nas políticas de persoal, onde acadamos a estabilidade coa aprobación da RPT, actualizamos e convocamos as Opes, provisionamos os postos da xefatura, creamos bolsas de emprego municipais en 42 categorías laborais, estabilizamos a situación laboral dos músicos da Escola, ademais de ampliar o persoal da Policía Local e de Bombeiros, e das áreas claves

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

para a nosa dinamización como a área de Urbanismo, área esta mellorada tamén cos distintos procedementos e intrucións que se están a levar a cabo, e que darán os froitos para un dinamismo económico da cidade.

Iniciando tamén así o procedemento de funcionarización para dar cobertura aos case 100 empregados públicos que afecta.

E avanzamos noutros temas tan importantes para o desenvolvemento da nosa cidade, como pode ser o convenio da Intermodal, para seguir facendo de Lugo esa cidade con oportunidades de futuro para a dinamización económica e social.

Son moitas as actuacións que levamos feito, non só no noso mandato, senón neste último ano, como dicía atendendo ao importante e ao urxente que agora no transcurso do debate, tamén os dous portavoces municipais do goberno incidirán nestas cifras e máis datos para poñer en valor, malia as dificultades, do gran traballo que levamos feito por Lugo. Moitas grazas.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi bo día a todos. Entón, para dar continuidade a esta sesión extraordinaria, ten a súa quenda de intervención, como saben, con 10 minutos, a voceira do Grupo Municipal de Ciudadanos... Pois, 15 minutos...

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bo día a todos e a todas, señora alcaldesa, señores concelleiros do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista e do Partido Popular.

Pois, agora toca dar outro punto de vista, que nós cremos que é moito máis pegado á realidade. Este é o último debate do estado da cidade deste mandato, un mandato que se por algo se caracterizou e se caracteriza é por ter contado con dous gobernos nun: un auténtico bigoberno de despropósito, como quedou patente en moitas ocasións ao longo destes anos.

Dous socios de goberno máis teimudos en competir entre eles que en poñerse de acordo en beneficio de todos. Ata agora, temos dúas cores institucionais, pero tamén dobre gasto en propaganda propia. Centos de miles de euros dedicados única e exclusivamente ao autobombo.

Non lle imos negar que desde o noso grupo cremos que tal vez o caos e o desgobierno ao que viñamos acostumbrados podería mudar. Sobre todo, porque os socios de goberno, señores do Bloque Nacionalista Galego, señora alcaldesa, foron moi críticos coa súa xestión pasada, e presentáronse como os mesías redentores que poñerían fin a tantos e tantos asuntos paralizados e que vimos arrastrando desde hai anos. Pero neste caso, volveuse certo aquilo de que todo o malo se pega. Convertéronse nos campións dos contratos menores nas súas áreas, incrementaron considerablemente as facturas pagadas con reparo de legalidade, e permitiron que a opacidade e a falta de transparencia fose o seu sinal de identidade.

Pero, sobre todo, porque evidenciaron en moitas ocasións que os seus cinco votos, señores do BNG, indispensables para cambiar a dirección en moitos asuntos, non

valeron para nada, e mesmo se contradiciron co votado ou defendido no mandato anterior.

No Garañón, na praia fluvial, no auditorio, no guindastre... Mentres o Partido Socialista non se metese no seu 40% do orzamento, deron a calada por resposta ou parabén. Querían municipalizar o lixo, os museos ou mesmo o guindastre, pero hoxe en día esta Administración dedica máis do 50% do seu orzamento ao pago de contratos con empresas externas.

Tamén, o señor Arroxo ía ser o rei Midas do transporte urbano, porque el só cun móbil na man xa viña ensinarlle a Lara Méndez como se facía. Pero quedouse só niso, en xestos e en palabras. Temos agora 5 buses híbridos dos 22 que hai, pero xa demostramos que seguen funcionando con gasóleo. As novas rutas causaron máis problemas que vantaxes, e por riba nin se molestaron en recibir os veciños, porque vostede, señor Arroxo, estaba para outras cousas.

As pantallas funcionan un día, e outro non, e, como ven, só podemos acceder a unha páxina web porque para o da app aínda non tiveron tempo.

Se algo nos quedou claro nestes anos é que vostedes son moito mellores como oposición que como goberno, porque só sobreviviron a custa da ineptitude do anterior goberno, que non foi quen nin de pintar un paso de peóns con manter en bo estado as rúas de cidade.

Agora véndenos a peonalización da Mosqueira, proposta que leva anos pendente de executar. Recatelo, proposta nosa que nos alegamos que recupérase, pero con todas as súas obras. E tamén grazas, por suposto, á inestimable axuda da alcaldesa, contribuíron a mudar o tráfico da cidade e xerar o caos, porque non foron capaces de acompañar as súas obras con plans de tráfico non deixados en mans da improvisación.

E seguiremos esperando que lles apeteza poñerse a traballar, para poñer en marcha a proposta aprobada relativa á avenida da Coruña ou á avenida de Vilaverde, os problemas do aparcadoiro en Fontiñas ou da Fonte dos Ranchos.

Nós seguiremoslle poñendo enriba da mesa accións que sexan beneficiosas para o conxunto da cidade, por se acaso se ven faltos de ideas, pero non podemos esquecer áreas como a de Cultura.

Vostedes que reclamaban diálogo e consenso conseguiron que nós fósemos das comisións pola súa falta de escoita activa. Centos de miles de euros en contratos menores, unha Banda de Música que segue sen director, cunha concelleira responsable, que tivo que ser remendada pola alcaldesa para poder contar cunhas festas do San Froilán en condicións e que permite que nos quedemos sen casetas do polbo. Queren converter a cultura desta Administración no seu cortello ideolóxico, só para fins e á marxe de todo o que podía significar pluralidade, diversidade ou control. E miren por onde con inexactitudes, nós non nos imos calar.

Non foron capaces nestes anos de artellar uns orzamentos participativos. Vostedes, tan firmes defensores da participación cidadá e que reclamaban procesos abertos e participativos. Unha absoluta decepción.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

O peor de todo é que perderon toda a credibilidade, porque se en algo se caracterizaron estes anos foi pola súa incoherencia. Deixaron claro que con cada unha das súas accións das que presumía son mellores como oposición que como goberno, porque isto lles queda bastante grande. E, señora alcaldesa, vostede con tales compañeiros de viaxe, vostede tivo a mellor oportunidade para amosar que si merece tal condición.

Logo de catro anos, que dedicou a aprender a xestionar, e logo de librarse de lastres do seu anterior goberno, contaba con días de viño e rosas, pero por desgraza, para esta cidade non foron así. Unha vez máis... de ansias, as présas nunca foron boas. Un mandato máis, tres anos máis de goberno, 1.095 días e seguimos sen praia fluvial, sen auditorio, con arañas nas costas do parque, sen PXOM aprobado definitivamente, cun PEPRI obsoleto, sen solución para os problemas do aparcadoiro da cidade, un contrato do ciclo da auga caducado.

Pero, por non faltar á verdade, pintounos as rúas cun carril polo que nin circulan as bicis. Temos un Edificio Verde multipremiado, que aínda non sabemos para que servirá. Haberá unhas bañeiras de auga quente ao carón do río, que veremos como se manteñen, haberá tamén un café bar na Fábrica da Luz, malia a ter aínda pechada a do Vello Cárcere e ter material de máis de 2 millóns de euros gastados nunha nave. Agora podemos ir ao fútbol por unha pasarela dun millón de euros ou tamén por un paseo subterráneo doutro millón. Temos máis centros sociais baleiros, e o increíble é que vostedes están aplaudindo como se non houbera un mañá pola súa xestión.

Pero mañá pinta bastante negro: vese unha administración incapaz de manterse, porque xera moitos máis gastos que ingresos, á que só lle queda endebedarse durante anos para poder manter o seu nivel de gasto descontrolado.

E eu que pensaba, señora Alvarellos, que era imposible superar á súa antecesora. Aquela que nos daba leccións de economía, e defendía a súa xestión firme e serena. Mire que nos deixou momentos gloriosos neste Pleno, e teño que recoñecerlle que non o tivo doado, pero aínda lle queda, de verdade, un longo camiño. O listón non o tiña nada alto, por iso el cría que con calquera avance, pois luciría moito máis a súa xestión.

Pero, claro, aprobar unha RPT non é suficiente para darlle solución aos problemas, nin mellorando o pago a provedores... descontrol que segue existindo coas facturas con reparos, que segue superando cada ano os millóns de euros.

Rexeita traballar en conxunto para unha fiscalidade beneficiosa para todos, alegando que o PP manipula. Vólvolle dicir outra vez que nós si que temos ganas de traballar e somos tan inxenuos que ata nos dá igual o rédito se así conseguimos algo. Por iso non mudamos de actitude aínda que se apropien de propostas nosas. O que nos importa é que o fagan, e nestes tres anos tiveron nas súas mans a xestión de 96 millóns de euros en investimentos e tan só foron quen de executar pouco máis de 25 millóns e medio: un 26% do total, porque para gobernar hai que saber xestionar, e aí aínda non pasaron a recuperación: seguen suspendendo.

Durante estes anos, dende o noso grupo, tratamos de poñelos sobreaviso, de traer a este Pleno asuntos que están preocupando á cidadanía ou que tratan de mellorar á cidade. Non imos negar que conseguimos que ata apoiasen algunhas delas, algo inaudito ata o momento. Pero aí quedaron, gardadas nun caixón. E iso non é suficiente, pero doutros temas non podemos dicir o mesmo. Ata nos acusaron de mentir, pero xa saben que a nós iso, pois, non nos preocupa nin nos amedrenta... Negan ata a saciedade que en Lugo houbera problemas de okupación, cando os veciños son os que se encargan de organizarse e vixiar as súas propiedades nas Gándaras, en Albeiros e na Milagrosa. Nin a pesar de que todos puidésemos ver a situación dramática que están a vivir as familias destes barrios, vostede, señora Méndez, non reaccionou, nin unha soa solución.

Tivemos que acudir á Valedora do Pobo para que esta Administración tivese un mínimo de transparencia, á que por certo aínda lle deben resposta.

Negaron que fose necesaria unha auditoría enerxética, pero para o ano que vén duplicaremos case a factura da luz, porque tampouco foron capaces en oito anos de sacar un contrato adiante.

Negáronse a tratar de recuperar a concesión da Fábrica da Luz, logo de ter que pagar todos os lucenses máis de dous millóns e medio de euros, froito da súa xestión, e contar con todo o material preciso.

Desmantelaron o servizo do 010, e foron incapaces de ofrecer unha atención cidadá en condicións, dando escusas absurdas. Presentan o Lugo Transforma como a panacea, que atraerá empresas e xerará postos de traballo cando é insufrible a espera e a tramitación que teñen que padecer aqueles que entran pola porta do Servizo de Licenzas. Deciden marchar antes que pasar por ese calvario de atrancos e dificultades, acaban botando fóra a todo aquel que decide emprender na nosa cidade.

Pouco máis dun 1% dedican do orzamento do vindeiro ano á xestión urbanística da cidade, pero que esperar dunha administración que segue na prehistoria da dixitalización. Moito Smart City, é verdade, pero de nada nos serve aos cidadáns.

Xa lle dixemos en moitas ocasións, e hoxe volvemos dicirillo, que son un goberno que se move única e exclusivamente ao ritmo da improvisación e das ocorrencias.

Lugo precisa unha planificación a longo prazo, non de actuacións puntuais. Un goberno non do aquí e agora, senón que pensa no futuro e na pegada que deixará na cidade.

A súa herdanza será unha cidade hipotecada que terá que facer números, e moitos números, para ver como mantén as súas ocorrencias. A súa herdanza será unha cidade hipotecada que terá que facer números, e moitos números, para ver como mantén as súas ocorrencias.

Vostedes fíano todos aos cartos que veñen de Europa, pensando só en cómo gastalos, nin no por qué nin no para qué. E así nos vai.

O gran problema deste bigoberno é que sempre pensou que estaba a facer as cousas ben, e así nolo testemuñou hoxe mesmo a señora Méndez.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Isto é o que pasa cando se vive nunha burbulla de irrealidade, agochados tras as paredes dos despachos e rodeados só dos que lle aplauden, pero non dos que lles din o que está a pasar fóra.

Nós, como grupo da oposición, sempre estivemos e estamos dispostos a dialogar, a traer a debate a este Pleno propostas que beneficien a nosa cidade a colaborar, sen mentiras nin medias tintas, porque a nós non nos preocupa outra causa que non sexan os nosos veciños.

Porque sempre estamos alí onde nos chaman, onde nos contan cales eran os problemas cos que se atopan, as súas necesidades. Non o temos que facer 5 meses antes das eleccións. Esa sempre foi e será a nosa postura.

De aí que nos sintamos moi orgullosos do traballo realizado, das horas que dedicamos a esta gran responsabilidade, que é representar os nosos veciños.

E así o seguiremos a facer, porque esta é a forma na que entendemos nós a política.

Non fai falta mentir, nin caer no populismo nin nos titulares rechamantes. Simplemente, dicimos a verdade, e tratamos de facer un traballo honesto e rigoroso, malia a térmonos atopado cun bigoberno que prefire facer oídos xordos a determinadas situacións, e negando os problemas, repito, non se solucionan.

Porque a este bigoberno o que lle falta é traballo. Non poden reunirse cos veciños só para falar dos seus libros. De que lles vale aos veciños da Milagrosa que lles conte agora, señora alcaldesa, cando xa é tarde, que pedirá cartos para rehabilitar o barrio, algo que xa leva prometendo desde que vostede é alcaldesa se non é nin capaz de poñerse na súa pel e entender que sobreviven na súa casa con medo?

De que serve que anuncien cada día que Lugo está aberta a novas empresas, e cada un que quere emprender tarda máis dun ano en obter unha licenza?

De que serve que poña un mercado de Nadal no centro se leva anos permitindo que o centro histórico quede baleiro e con ducias de locais pechados?

De que vale que presuma de apostar polo noso rural se leva anos de atraso en servizos tan básicos como o saneamento?

Por moitas reunións que agora faga en tempo récord, non poderán tapar anos de abandono e de soberbia.

E iso non o di Ciudadanos Lugo. Iso dino moitos e moitos veciños que atoparon as súas portas pechadas cando acudiron a vostedes e aos seus socios deste bigoberno.

Agora semella impostado e falso. E un goberno que non ten credibilidade nin é coherente, non é o que se merece esta cidade nin os lucenses.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, pois correspóndelle agora a súa quenda de intervención ao voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 15 minutos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Moi bo día a todas e todos. Temos hoxe pois o último pleno do estado do Concello deste mandato. Polo que aínda que me vou centrar neste último ano, si que falarei de cuestións que se fixeron neste último período para poder contextualizar.

En relación con iso, xa falabamos a semana pasada no propio debate que tiñamos a respecto dos orzamentos dalgunhas das liñas que se van reiterar aquí e nas que se van variar aquí, e que de feito xa se están a seguir hoxe neste debate.

Falar dunha análise do que se fixo nestes últimos anos, no que se fixo neste último ano, pois non podería quedar sen falar dos cambios que tivo a cidade primeiramente no seu espazo público.

No chinés e noutras linguas asiáticas a palabra "crise" está composta por dúas palabras: pola palabra "risco" e pola palabra "oportunidade". E iso non é algo casual, senón que na propia filosofía oriental consideran que unha crise é unha oportunidade se se sabe aproveitar.

Inicio por isto e marco isto, porque cando tivemos que sufrir a pandemia, a pandemia da Covid-19, rompéronse moitos moldes e houbo que levar diante moitos cambios.

Houbo moitas persoas que mudaron das grandes cidades para o rural, houbo persoas que cambiaron a hábitos máis saudables, houbo tamén, pero moitas persoas, moitas persoas, que cambiaron o seu parecer sobre o espazo público.

A inmensa maioría da poboación decatouse de que as cidades non estaban pensadas para as persoas, algo que se leva analizando moito tempo, púdoos vivir a xente en primeira persoa.

Decatouse que durante anos se construíron pensando como almacéns onde colocar as persoas e como o espazo público se deseñou para que os vehículos puidesen chegar a calquera punto no menor tempo posible.

E que ao final iso provocou que 1,20 m que temos de beirarrúas en moitas zonas non era suficiente como espazo público.

Moitas persoas cando saían da súa casa, o único que tiñan era esa beirarrúa de 1,20 m e non tiña nada máis. E iso, evidentemente, nunha cidade, non fai vida digna.

Por iso se pegou un avance neste ámbito, e o outro día comentabamos reiterando o que se falou no Pleno dos orzamentos, de que a día de hoxe temos 15 novas rúas que xa son peonís. E non só no centro, que tamén, senón en diversos barrios, como pode ser a Milagrosa, o Sagrado Corazón, Acea de Olga, Fingoi, A Piringalla, barrio da Estación, ou Recatelo, por mencionar algúns deles.

E temos que seguir, porque ademais non hai día no que non haxa peticións, tanto de grupos como de persoas a título individual, como de colectivos, que solicitan máis espazo público no seu barrio.

E isto é moi importante. E ás veces pequenos detalles xa cambian a vida de moitas persoas. E vouvos poñer ademais un exemplo real. Algo que si que aconteceu e que simboliza o que está a pasar en moitos puntos.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Houbo unha zona da cidade no que una simple mudanza dun carril que era totalmente prescindible, que se cambiou por un espazo con bancos e con árbores fixo de golpe que un grupo de persoas maiores ocupasen ese espazo. E cada vez que fai bo tempo vaian a ese espazo. Persoas maiores que posiblemente non puidesen ir a outros sitios porque polos seus problemas de mobilidade e os seus problemas para desprazarse, e que hoxe en día poden estar no seu espazo público, cando antes posiblemente non poderían saír das súas casas.

Só por esas cousas xa merece a pena. E é algo ademais, que se está a extrapolar a diferentes puntos da nosa zona urbana e que permite o que ten que ser, que o espazo público sexa unha prolongación das propias vivendas.

Hai catro anos comprometiámonos a mellorar a seguridade peonil, para non ser algo de vital importancia. E fixemos un importante avance: a mellora da seguridade do espazo público ten que ir sempre ligada a ralentizar o tráfico, a calmar o tráfico. E apostamos por iso dende o minuto un.

De aí que se iniciase ese plan, que comezou polos contornos escolares, algo que nada máis comezar fixo de repente que todos os centros escolares comezasen a solicitar este tipo de elementos de calmado do tráfico, algo que, como se lles trasladaba, estaba planificado para poder levar a todos lados.

E ademais lembro como membros da oposición se opoñían a este modelo, dicindo literalmente que isto ía crear atascos, porque ralentizaba o tráfico, ata que, evidentemente, viron a simpatía xeneralizada por este tipo de modelo e houbo que deixar de cuestionalo.

Hoxe xa practicamente ninguén os cuestiona. A cidade avanza en seguridade e, incluso, conséguese que hoxe en día haxa grupos de nenos e nenas que poidan ir aos seus colexios sen os seus pais e as súas nais a través dos vieiros escolares, algo que nos últimos tempos parecía imposible. Isto último si que ten que ser o camiño.

A propia Organización Mundial da Saúde recomenda que toda persoa debe dar ao redor de 10.000 pasos diarios, algo que está estudado que fai unha porcentaxe moi minoritaria da poboación. E de aí a importancia de promover que dende idades temperás a xente acuda, os nenos e nenas neste caso, acudan aos seus centros escolares a pé, como un hábito de vida co fin de afacerse a unha mobilidade a pé, como parte do seu desenvolvemento persoal.

Tendo isto non só a vantaxe da saúde persoal, senón a redución do tráfico, no momento crítico ademais do día ao respecto do tráfico, que son as entradas e saídas do colexio, provocando, polo tanto, maior seguridade, menos ruído e menos contaminación.

Polo tanto, seguiremos avanzando para que non haxa nin un só punto da cidade onde ser peón sexa motivo de inseguridade, cun paso máis cara a ese 2023, como vai ser o reforzo da iluminación nos pasos de peóns. Para que os pasos de peóns non só sexan puntos onde se ralentiza o tráfico, senón que ademais sexan puntos que estean ben visibles.

Traballamos tamén en poñer en valor todo o patrimonio que temos en Lugo, porque se Lugo é unha cidade pola que se pode definir é por todo o patrimonio que ten.

Nós temos a muralla máis antiga do mundo que se conserva na súa totalidade. Isto non é a Torre Eiffel, non é a Estatua da Liberdade, senón que pola súa historia e polo seu contexto é un momento moito máis importante que os anteriores.

O problema é que a falta de autoestima histórica fai que non se puxese en valor como realmente se merece. Falta de autoestima histórica ou nalgúns casos eu creo que non tan histórica. Aínda houbo que escoitar neste mandato dende a oposición como a peonalización da Mosqueira estaba mal porque ía xerar atascos ou como retirar o tráfico que pasaba a 20 centímetros, si a 20 centímetros, da muralla, pois tamén estaba mal, porque deixamos o carril aí... Tamén ía xerar atascos.

Non sei se ás veces somos conscientes de moitas das barbaridades que dicimos, porque o certo é que sería inconcibible ver pasar 15.000 vehículos diarios rozando cos seus retrovisores nas Pirámides de Guiza. Porén, pois en Lugo, coa muralla máis antiga do mundo que se conserva na súa totalidade, isto estaba a acontecer.

Imos seguir protexendo a nosa muralla. Nos anos que entran, imos seguir retirando vehículos ao seu redor. É o camiño marcado. Non pode xa ter volta atrás. Porque a nosa muralla nun futuro será peonil, sen ningunha dúbida. Hoxe a Muralla ten xa 4.000 vehículos diarios menos ao seu redor, e hai que seguir nesa senda.

Pero para seguir avanzando na posta en valor deste impresionante monumento que temos, é preciso tamén que as outras administracións, en concreto a Xunta de Galicia, fagan tamén os seus deberes. Non pode ser que unha vez máis vaian partidas irrisorias para rehabilitar o barrio máis antigo de Lugo, o barrio da Tinería. Un barrio no que nos últimos 14 anos de abandono só se rehabilitou unha casa de media cada catro anos. Isto vai a un ritmo, que cando se acabe esta rehabilitación vai haber que volver comezar, porque as primeiras xa vai facer falta que se lles volva tocar.

Pero realmente non me estrañaría que polas declaracións que se ven ás veces por diferentes membros, que isto realmente sexa algo no que se cre. Abandonar o noso patrimonio. Posiblemente o que lle gustaría ao Partido Popular sería simplemente pois retirarlle o céspede que ten a muralla e meter un terceiro carril para que o tráfico vaia máis fluído.

Un barrio, como dicía, que ten tres patrimonios da humanidade. Un barrio que precisamente é o que afea toda imaxe que podemos ter cando nos subimos ao noso monumento.

No ano 2019, para por exemplo, a propia Xunta de Galicia, recén gobernada polo Partido Popular, renunciou ao proxecto de recuperación do pazo de Dona Urraca, un edificio que ten máis de mil anos. Máis de mil anos, e a día de hoxe está caendo a cachos.

Naquel momento, o Partido Popular, a través de la Xunta de Galicia, pagou unha indemnización para que ese proxecto non se fixese. E a día de hoxe 14 anos despois, malia aos múltiples anuncios, segue sen facerse. Outro grande elemento patrimonial que temos aí, apoiado por uns apuntalamentos e totalmente en ruínas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

E ante iso, o noso modelo antagónico ao que se está a facer dende a Xunta é reconverter a muralla nun dos mellores monumentos do planeta, porque ten todas as características para selo. Para nós e para a maioría dos lucenses xa o é. E por iso imos continuar nese camiño.

Seguiremos como seguimos tamén apostando pola nosa cultura, pola xente que fai o seu traballo dende a nosa cidade, colectivos e agrupacións de base e tamén profesionais. Aínda que dende a oposición se digan cousas como que iso son amigos ou que son grupos de escaso nivel. O que son son os grupos e os colectivos que temos na nosa cidade.

Seguiremos a encher as rúas e as prazas de actividades culturais e artísticas, porque a cultura ten que estar na rúa, ao alcance de toda a veciñanza, e así se fixo e así se seguirá a facer.

Apostouse firmemente, e seguirase a apostar polo comercio local e polo produto de proximidade. Hoxe a Praza de Abastos e o mercado municipal son sitios que están de moda, e calquera persoa que pase un sábado pola mañá e que tivese ido en anos anteriores, poderá ver a enorme diferenza.

En definitiva, seguimos construíndo un Lugo para que a xente poida gozar del.

O camiño está marcado e agora xa é imparabile.

Queda moito por facer, polo que seguiremos avanzando no cambio desta cidade. Porque os que lle queremos a Lugo, imos facer que sexa un dos mellores lugares para vivir.

Moitas grazas.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben. Moitas grazas. Pois entón, a quenda de intervención do voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Bo día a todos e a todas. Quero aproveitar a miña primeira intervención para facer unha pequena reflexión, entendo que necesaria.

E é que non podemos perder de vista que este é un debate sobre o estado do Concello, e nese devir intervén por suposto o criterio da dirección política, o traballo técnico, pero tamén o labor da oposición, porque a responsabilidade institucional que ten a Corporación non atinxe só ao equipo de goberno. E o lóxico é que, chegados a este punto, todos deberemos render contas ante a cidadanía á que representamos con base na función pública que todos desempeñamos.

A alcaldesa acaba de facer un relato amplo, explicando cales son e cales foron as prioridades de xestión durante este mandato. E no último ano de forma especial, dando conta do traballo realizado, no que se atopa en vías de execución, e tamén dos próximos proxectos que se queren materializar.

Porque se algo leva demostrado en todos estes anos Lara Méndez é que tiña e ten un modelo de cidade. Outros non poden dicir o mesmo. Un modelo que está a ser

referente para moitas outras rexións e no que non cesou, malia os anos tan complexos que vimos de atravesar.

Non pode ser que a pandemia, a inflación, a crise social na que ambas as dúas teñen derivado, sexa argumento lexítimo naquelas administracións que presidan forzas políticas doutra cor, pero en cambio neste Concello se considere unha escusa.

Foron anos duros, nos que atender o urxente non nos desviou nin un ápice de seguir avanzando no prioritario. O salto exponencial que deu Lugo para progresar e converterse nunha cidade de oportunidades, nunha cidade respectuosa co medio ambiente e comfortable para a súa veciñanza, pero, claro, tamén cómpre ser honestos para poder admitilo.

Partimos da máxima de que todo nesta vida é mellorable, somos conscientes, pero as evidencias están aí, e o cambio cualitativo que este Concello experimentou nos últimos tres anos é innegable, en termos primeiramente de organización e de simplificación administrativa internas, por exemplo, en materia de persoal, ese colo de botella que nos achacaban de xeito reiterado durante o mandato anterior, pero que agora ninguén das bancadas da oposición tivo a ben recoñecer as melloras nas que se reverteron todas as medidas adoptadas.

Falo de aprobación da RPT, da convocatoria das Opes, da provisión de postos de xefatura, da creación de bolsas de emprego, do entendemento sindical, da estabilidade na situación laboral dos músicos da escola, etcétera.

En materia de facturación, co período medio de pago que diminuíu un terzo por debaixo do prazo legal establecido fai destacar a Lugo dentro do conxunto do Estado como unha das cidades máis áxiles no aboamento das facturas aos provedores municipais.

Ou só por dar tres exemplos, en materia de modernización tecnolóxica e dixital, un camiño complexo que esixe de investimentos, pero tamén dun cambio de abordaxe dos procedementos, que ten os seus tempos de implantación tamén para a cidadanía.

Hoxe este Concello é ben distinto ao de fai tres anos. Ten a súa folla de ruta trazada e practicamente completada. Un traxecto que houbo que percorrer no medio dunha pandemia na que durante case un ano cambiou a presencialidade para a meirande parte do funcionariado por ese outro concepto que está tan instaurado actualmente, como é o teletraballo. Outro fenómeno, ao que houbo que darlle soporte sen perder tempo, poñer en marcha actuacións que revertesen os efectos económicos que traía a Covid e que obrigaban precisamente a que malia as circunstancias, a actividade da administración non decaese. E creo que o conseguimos amplamente. E as e os funcionarios desta casa, baixo a dirección da alcaldesa, tramitaron en poucos meses, case seis millóns de euros en axudas, axilizaron o pagamento a provedores, instalaron os aplicativos informáticos que o fixeron posible, atenderon ás modificacións que foron necesarias para rebaixar ou adiar a carga tributaria das e dos lucenses. Ao tempo que ampliamos o escudo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

social, incrementando as prestacións como o SAF, o Xantar no Fogar, ou mesmo creando outras novas como o servizo Acompañámoste.

Coidamos da saúde, reforzando os labores e dispositivos de limpeza en toda a cidade, en todas as dependencias municipais, malia a estar moitas delas pechadas por mor do contaxio, sen cancelar nin un solo contrato, precisamente para soste o emprego de tantas e tantas familias.

Avanzamos no planeamento da cidade para desatascar o PXOM e desenvolvéronse numerosos estudos de detalle no centro histórico, nos polígonos, en diferentes puntos da capital, que permitirán a implantación de novos proxectos empresariais e residenciais decisivos na expansión da cidade.

Ofrecemos tamén formación, asesoramento e apoio ao tecido produtivo local, fomentando que tamén en tempos de crise aflorase o emprendemento. Dinamizamos o comercio local e potenciamos as compras de proximidade.

E non vou redundar aquí todas as cifras, todos os datos que xa expuxo a alcaldesa. Pero si quero sinalar que todo este traballo, que acaparou o 2020 por completo e boa parte do 21, non impediu que se fosen dando pasos no resto de proxectos que tiñamos iniciado. Uns máis complexos que outros, para que mentres a cidade se repoñía da Covid, tamén tivese esperanza na súa recuperación.

E todo, as medidas de contención e tamén as de crecemento, se deseñaron no mesmo momento como unha rede de protección que con altura de miras se foi cosendo por parte deste executivo co innegable esforzo, dedicación e compromiso do funcionariado, algo que tamén quero subliñar.

E así chegamos ao remate do 2022 cunha estrutura pública forte e saneada, e con débeda cero.

Gastamos máis, claro que si. Había que facelo para darlle sostén a todas esas necesidades, frear a vulnerabilidade que se sobreviña e non perder un pulo do desenvolvemento inicial.

Pero non perdan de vista que, se foi posible facelo, era porque o Concello é solvente, porque tiña a liquidez necesaria para afrontalo.

A mellor mostra diso é que incluso nestes momentos de menos ingresos e máis gastos e investimentos, esta institución contaba con recursos e non precisou recorrer a préstamos.

Xa o sabemos, xa nolo demostraron na crise do 11, que a receita da dereita para estes casos é outra ben distinta coa que evidentemente non concordamos.

Porque no Partido Socialista entendémolles que o benestar debe ser para todos e todas, e que os recursos públicos están precisamente para garantir a protección dos e das que menos teñen. O avance social, a verdadeira democracia, constrúese así.

E por iso hoxe podemos dicir, repítolles, que chegamos ao remate do 2022 cunha estrutura pública forte e saneada, froito de toda esa xestión que houbo detrás. E co que resulta perentorio, completamente cuberto.

O servizo social municipal atende ao ano 9.531 persoas, 621 son beneficiarios de axudas municipais.

Hai moitas necesidades, evidentemente, pero cando este Concello pode intervir para palialas, faíno. Moitas veces incluso ao límite das súas capacidades.

Con achegas de emerxencia, preto de 200.000 euros ao ano; con subvencións para vivenda, máis de 500.000 cada ano; co xantar no fogar, que incrementou en máis dun 100% a súa partida; co centro de día; co servizo de axuda no fogar, que ten todas as horas asignadas, e aquelas persoas que non dispoñen de prestación non é precisamente por motivos achacables a este Concello, senón porque agardan aínda que a Xunta valore e decrete o seu grao de dependencia.

Unha rede de centros acondicionados, tamén conforme á emerxencia climática e a necesidade de garantir o aforro enerxético, no que se encadran os máis de 3 millóns recibidos do IDAE, para mellorar o illamento de media ducia de dependencias municipais: o seminario, piscinas de Frigsa, Pedreiras, policía, etc. Instalacións cómodas, con atención e programación diversa e variada para todos os públicos, en prol de hábitos de vida saudables e dun ocio alternativo que motive ás novas xeracións a ser parte activa da vida diaria da cidade e obviar do futuro que está por construír.

Contamos con novas dotacións ao aire libre. Outro parque, como xa dixo a alcaldesa, en Novo Freire, a remodelación de San Roque, Augas Férreas, Rosalía e demais. Non o vou repetir.

A pista de skate, o circuíto de motocross de Teixeiro, as Caldas, o punto de encontro en Paradai, todas elas asumidas neste último exercicio; e con novos inmobles tamén como Paco Martín ou o novo Centro Social da Abella, que pulan pola integración e a convivencia interxeracional, dentro dunha estratexia 8-80, na que teñen tanta prioridade as crianzas como as persoas maiores, defendendo que na convivencia, no respecto e na inclusión están as respostas aos retos sociais que debemos asumir neste século, pero asumilas como nós facemos, con altura de miras, insisto, non dun xeito curtoplacista.

Temos tamén novas infraestruturas viarias, que dan conta do urbanismo sostible e con perspectiva de xénero, no que camiña este Concello, é algo que lles escoce moito, á vangarda dos modelos europeos.

Un asunto no que son vostedes tremendamente negacionistas, aínda que estamos convencidos de que esa actitude, á parte de formar parte da estratexia coa que procuran obter réditos partidistas, esconde un terrible complexo que lles impide crer nas potencialidades locais. E o que é peor, amosa a súa incapacidade para detectalas e aproveitadas, porque, como dicía quen durante tantos anos o representou: "canto mellor, peor".

Pois esta alcaldesa está facendo que Lugo non só conte, senón que destaque a nivel nacional e tamén europeo. Non o digo eu. Dino desde os comités do Life, Dusi... Tamén a nivel sectorial, especialmente no ámbito industrial, da construción, da madeira, en Madrid, en Barcelona, no seo de congresos de gran prestixio profesional, onde Lugo ten presenza por méritos propios.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Porque esta alcaldesa e este equipo que a acompaña foi valente e defendeu, pese ao escepticismo e rexeitamento permanente que atopan vostedes, o valor dos recursos que posuímos e que están a facer que Lugo despegue e para deseñar o Lugo futuro, que vostedes non acaban de ver, pero que xa está aquí.

Continuarei na segunda intervención.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, moitas grazas. Pois para dar fin a esta primeira quenda de intervencións, a quenda do Grupo Municipal do Partido Popular, 15 minutos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, señor Santos. E bo día de novo a todos e a todas. Como acaba de dicir a señora alcaldesa, este é o terceiro debate do estado da cidade deste mandato. E, señora Méndez, fai vostede unha foto da cidade que practicamente non mudou nada dende o inicio do mandato. Iso si, intenta vostede vendernos unha situación irreal, que nada se parece ao que nos atopamos no día a día da cidade. Neste último ano quedou máis claro que nunca que Lugo non ten un goberno, senón dous, con dúas follas de ruta ben distintas e con dúas visións da cidade tamén moi distintas e en continua competición, e mesmo contraprogramándose. Iso máis se parece a un matrimonio de conveniencia, pero sen un proxecto común. E todo isto pagámoslo todos os lucenses.

Foron moitos os episodios bochornosos vividos durante o mandato. Recordemos a prohibición da alcaldesa dunha actuación musical do BNG na inauguración de Quiroga Ballesteros, os problemas cos barraquistas no San Froilán 2021, pero máis recentemente vímolos nos actos por separado para festexar os 22 anos de aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade ou mesmo no acendido das luces de Nadal deste ano.

Señora Méndez e señor Arroxó, se este matrimonio non rompe é porque vostede, señora alcaldesa, perdería estabilidade e o señor Arroxó, dende logo, perdería visibilidade. E ademais, como lle dixen, ao inicio, en moitas ocasións, vostede só se puxeron de acordo ao inicio do mandato, para formar, iso si, o goberno máis caro da historia de Lugo, e logo tamén para repartirse o presuposto nese "60 para min, 40 para ti", pero no resto van vostedes en direccións distintas sen ter claro un modelo de cidade na que van deseñar.

Vostedes actúan facendo parches, pero nada máis, como demostrou a señora alcaldesa e o señor vicecalde na exposición dos seus modelos de cidade.

Este é un bigoberno que non escoita, non é transparente, e ademais mente aos lucenses. E Lugo aí obtén a peor puntuación das catro capitais de provincia de Galicia no que se refire á transparencia, segundo un informe publicado por Vintra en novembro. Non o di o Partido Popular.

No día a día, temos infinitos exemplos da falta de dar participación aos veciños e veciñas de Lugo. Un dos casos máis recentes é a peonalización que van facer de todo o centro histórico. Póñense agora a informar cando xa teñen licitados todos os proxectos, menos un.

Nestes temas, señores do BNG, quen vos viu e quen vos ve! Cando eran oposición, pedían transparencia, e agora que pisan moqueta, parécelles que con informar aos seus xa é suficiente. Unha forma, dende logo, que moi democrática de entender a participación.

A verdade é que todos os lucenses sentimos frustración polo despilfarro dos fondos europeos, non porque cheguen. Os proxectos que presentan, en vez de xerar ilusión, enfádannos a todos os lucenses. Miren: investir diñeiro público para potenciar a imaxe persoal da señora alcaldesa, desde logo que lles está a pasar factura. Estamos revivindo un fiasco similar ao do plan E do señor Zapatero. Temos unha alcaldesa que gasta moito, moi rápido, en proxectos improvisados. Botemos contas. Carril bici: unha obra onde se gastaron 1,4 millóns de euros de fondos europeos e que polo seu trazado e deseño en vez de ilusionar está a provocar frustración e enfado. Outro millón de euros nas bañeiras colectivas ao carón do Miño, cun mantemento que vai supoñer máis de medio millón de euros. Mais un millón de euros para esa pasarela na nacional VI, onde existen dous pasos soterrados a escasos metros.

Pero a colección de despropósitos da señora alcaldesa ten o máximo expoñente nese edificio verde que tanto defende. Mire, sen pór en tea de xuízo o seu valor, o interese arquitectónico e sen cuestionar a importancia de potenciar os materiais empregados, consideramos que é unha irresponsabilidade e un despilfarro destinar case 2 millóns de euros nun edificio público sen ter claro cal vai ser o seu destino e o seu uso. E para rematar esa horta aí que fixeron na súa contorna, nada máis e nada menos que nos sae a todos os lucenses a 10.000 euros cada horta. Oxalá estes proxectos pagados con diñeiro de Europa e que levan o cuño socialista, non acaben no desguace, como sucedeu no parque de paneis solares do Ceao, onde se gastaba un millón de euros. Ou non deixen hipotecados como pasou cos 2 millóns e medio de euros e tivemos que pagar pola mala xestión dos gobernos do Partido Socialista na Fábrica da Luz.

Señora alcaldesa, vostede desde logo a única estratexia que utilizou polo momento foi a de confrontación permanente coa Xunta de Galicia, fronte á falta de firmeza para reclamar investimentos ao Goberno de Pedro Sánchez.

Mañá cúmprense dous anos e cinco meses dende que vostede ten as chaves do novo Auditorio de Magoi, un edificio do que ningún lucense puido desfrutar porque non quixo vostede, señora Méndez, nin tampouco vostede, señor Arroxo. Ata tres orzamentos distintos anunciaron para poder abrir esta infraestrutura, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego din que o edificio non reúne garantías de seguridade. Encargaron ata tres informes diferentes que dispararon en semanas o importe dos traballos que pasaron dos 300.000 euros a 1,5 millóns de euros. Puxeron un valo cunha infografía do que se ía a facer e, sorpresa, os seus propios técnicos dinlles que o proxecto que pretenden facer modifica a estrutura do edificio e, ao final, volver ao punto de partida.

Eu creo que sería bo saber, señora alcaldesa, cal é a verdadeira razón pola que non se fixeron esas obras e cal vai ser o modelo de xestionar esa dotación, e contido lle van dar. Isto é o que lle pedimos nós, pero tamén todos os lucenses. No

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Partido Popular aspiramos a que ese novo Auditorio de Magoi sexa un espazo de oportunidades para os talentos que temos, que se impulse a industria creativa e cultural, tanto local, como provincial. E que sexa un espazo 10, así se construíu, para a cultura e poder ir todos os días do ano a el.

Vostedes son incapaces de resolver con axilidade cuestións que son importantes para mellorar dotacións ou dar novas prestacións aos lucenses. Este ano non foron capaces nin de ofrecer parcelas á Xunta para avanzar no novo centro de saúde do Sagrado Corazón. Tampouco foron quen de facer un estudo de posibles parcelas para ofrecer ao Ministerio de Interior para construír no contorno do barrio da Residencia, a nova comisaría.

En resumo, dende logo que necesitamos, Lugo necesita cun cambio e necesita dunha persoa con altura de miras, que sexa capaz de establecer diálogo permanente coas institucións e deixar de lado esas actitudes de confrontación permanente. E isto decidirano dende logo os lucenses no próximo mes de maio.

As súas políticas, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego, son curtopracistas, e vou refrescarlles a memoria con algúns dos asuntos pendentes que demostran, e a cidade moderna, modelo Vancouver, que tanto pregoa vostede, señora alcaldesa, e o modelo Allariz-Pontevedra, que quere impoñer o seu vicecalde son una ilusión. Pero nada máis. Lugo ten o seu propio valor potencial e non necesita ser Vancouver nin ser Pontevedra.

En economía soamente son vostedes quen de cadrar os presupostos no papel, xa que a realidade lles é ben distinta. Xa nos dirán de onde pensan sacar eses 9 millóns de euros de desfase que teñen no contrato de lixo, e isto non o di só o Partido Popular, pono o interventor, no informe de presuposto.

Non volva preguntarlle novamente ao interventor por moito que intente, ou vostede non entendeu a resposta que lle deu o outro día.

A súa falta de previsión e non licitar os contratos caducados en tempo están a disparar os disparados. Así o contrato de subministración eléctrica de preto de cinco millóns de euros vaia pasar a ser de máis de dez millóns de euros.

Están vostedes convertendo ademais en normalidade o pago con reparos de legalidade, cando isto debería ser un procedemento excepcional. Levan vostedes neste ano pagados por este procedemento con reparos 14 millóns de euros, nada máis e nada menos.

Ademais, soamente no primeiro semestre deste ano, fixeron vostedes contratos menores por máis de tres millóns e medio de euros. É dicir, unha media de contrato de 20.000 euros diarios.

E non só isto, senón que na área de protocolo destínanse cinco veces máis que na área de servizos sociais. E isto que presumen vostedes de ter prioridades sociais.

En canto á limpeza, foron moitas as iniciativas que lles presentamos para mellorar o aseo urbano, retirar o lixo tirado polas rúas, reparar colectores en mal estado... Pero vostedes seguen a mirar para outro lado, a pesar, iso si, de ter un novo contrato dende hai meses. E en nada se nota a melloría na cidade.

Miren. Dende logo que nós temos a sensación de que vostedes teñen cada un un Excel onde van anotando os metros que van peonalizando, para competir por quen fixo máis espazos públicos para os peóns, pero ningún de vostedes pensa nun proxecto global de cidade. Están facendo intervencións ao tun tun sen conexión ningunha entre elas. Esta é a súa política curtopracista.

En canto aos aparcadoiros e ao transporte público, Sr. Arroxo, onde quedou esa promesa dos transbordos gratuítos e de dar cumprimento á proposición do Partido Popular para que os menores de 18 anos non paguen os autobuses en Lugo? Tampouco houbo avance na dixitalización do transporte e a remodelación do transporte público dende logo élle un fracaso. Seguimos recollendo protestas todos os días. E de feito o número de usuarios, vostedes o recoñecen, está por debaixo de 2019.

A súa acción de goberno empeorou o tráfico e a mobilidade en Lugo, desoíron as nosas propostas sobre poñer un sistema rotatorio gratuíto de vehículos, controlado por coche con lector de matrículas, habilitar máis párkings disuasorios no centro e barrios, tanto en terreos municipais como a través de convenios con propietarios de soares sen uso, ampliar e mellorar as zonas de carga e descarga, así como buscar solucións eficientes para a distribución no centro histórico e noutras zonas peonís do municipio, como podería ser uso de carretillas ou vehículos eléctricos... Seguen sen activar as 200 prazas con sensores que se colocaron en xullo de 2020, con cargo a fondos europeos do Smart City que custaron 267.000 euros, situado, como todos saben, na zona do Parque de Rosalía e no propio aparcadoiro do seminario.

En canto á seguridade, a súa falta de planificación provocará que ata o ano 2025, o Concello non poderá sacar prazas de policía. Esta será unha das hipotecas que deixen para os futuros gobernos. Na actualidade, hai 114 axentes operativos. En 2023 vanse xubilar 8 axentes, polo tanto, en 2025, volveremos á mesma situación que antes de 2019, e teremos para una cidade de 100.000 habitantes menos de 100 policías, cando como mínimo deberíamos ter 180 e esta recomendación está recollida na Lei de coordinación de policías locais de Galicia, que plantexa que haxa 1,8 policías por cada 1.000 habitantes. E estamos en 1,2. Ademais este goberno foi incapaz de dar solución á problemática dos gorrillas. Vostede intentou botar balóns fóra, pedíndolle á Xunta que retire o Risga aos gorrillas, cando a axuda se concede cun informe favorable do Servizos Sociais do Concello. Este é un exemplo de como faltan vostede á verdade. E todo sen pudor ningún.

Chamarnos alarmistas cando pediamos solucións para o problema da okupación. Vostede seguiron insistindo en minimizar o problema negándose a crear unha oficina municipal de asesoramento, e agora estamos dende logo como estabamos.

Seguen vostedes a negarse á instalación de cámaras de videovixilancia no centro histórico e en polígonos industriais, a pesar de que si parece que o BNG as instala na Praza de Abastos.

Señora alcaldesa, segue vostede sen querer unha ordenanza de civismo, por ser refén, iso si, do Bloque Nacionalista Galego, cando vostede sabe que tiña e ten o

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

apoio dos grupos da oposición. Tíñao tamén no pasado mandato. Polo tanto, se non a saca, non lle bote a culpa aos demais, é culpa súa porque se deixa facer refén de quen non quere a seguridade nesta cidade.

E con isto vou rematar a miña primeira intervención, e despois continuarei na segunda. Nada máis e moitas grazas.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, pois moitas grazas. Comezamos agora a segunda quenda de intervencións. Comeza a voceira do grupo municipal de Ciudadanos, cunha quenda de 10 minutos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** No mandato anterior xa deixaron vostedes fixada a súa banda sonora de cabeceira, que resumía a súa xestión. E como podemos comprobar pois segue a ser a cabeceira na nosa lista de grandes éxitos: A vida segue igual.

Pero agora nesa gran transformación que está a vivir a cidade, pois agora contamos cuns novos protagonistas: temos dous superheroes de cabeceira. A alcaldesa e o vicealcalde, os salvadores da cidade que van rematar con todos os problemas de Lugo.

Pero como sabemos todos, como ben sabemos todos, os superheroes só existen na ficción, porque aquí o que hai son necesidades reais que vostedes son incapaces de superar e de solucionar, porque para darlles solución hai que coñecerlos, e xa vemos que sobrevoan moi pouco a cidade, a cidade real, non a que existe nos seus cómics de ficción.

Se non fose polos fondos europeos, Lugo estaría abocado a anos de parálise, dedicado unicamente a manter os seus caprichos de novos ricos, porque ter cartos non é sinónimo de gastalos ben, e iso é onde vostedes suspenden, unha e outra vez.

Nin un só euro para rehabilitación, nin para axilizar e mellorar servizos prioritarios desta cidade, nin para poñer esta administración nas mans dos cidadáns, que levan anos e anos pedindo unha verdadeira dixitalización desta administración para calquera trámite normal, que existe en calquera concello, ao que estamos á cola de calquera concello de Galicia.

Levan minutos e minutos, tanto o señor Arroxó como a señora alcaldesa, presumindo das súas melloras. E supoño que non esperarán que lles deamos as grazas por aprobar unha RPT ou por aprobar as ofertas de emprego público, por pintar os pasos de peóns, por asfaltar as rúas... Porque ese é o traballo. É o mínimo traballo que teñen que facer. A realidade, a realidade que vivimos nós e moitos lucenses, que seguramente sexa opinión xeneralizada, é que Lugo esmorece, botan fóra aos seus mozos e mozas por falta de oportunidades.

E permítanos que sigamos sendo pesimistas, señora Méndez, porque o seu problema é a xestión. Non foron quen de poñer en funcionamento o Auditorio, enredados nas súas liortas coa Xunta de Galicia; non hai praia fluvial, enredados

cosas súas liortas coa Xunta de Galicia; nin derrubaron o Garañón, nin banda de música.

Aquilo que tocan, aquilo que se alonga no tempo. Contrato do lixo, contrato de parques, o ciclo da auga, iluminación pública. Non lles basta agora con pagar a indemnización da fábrica da luz, que seguen empeñados en poñer en marcha proxectos que están abocados ao fracaso máis absoluto.

Díxonos hai meses que as uvas as tomaría vostede nas bañeiras do paseo do Miño. Cal é o motivo polo que aínda vostede non recepcionou esa obra?

Non estaría de máis que visitase, aconsellamos as de Caldas de Reis, que son igualiñas a estas que vostede pretende inaugurar e que nunca se chegaron a inaugurar e están cheas de sucidade e de maleza.

Miren a cafetería do Vello Cárcere, exemplo de que en catro anos vostedes non foron quen de sacar unha licitación, pechada a cal e canto, pero agora pretenden facer outra, outra cafetería na Fábrica da Luz.

En lugar de achegarnos aos 300.000 habitantes que perseguía o señor Orozco, coa aprobación do seu plan xeral, están vostedes cada ano perdendo poboación. E iso que o obxectivo era chegar aos 100.000.

Somos a terceira cidade de España con máis vivendas baleiras, pero seguen nese afán de encher a cidade de novos espazos, pero seguen sen adicar un só euro á rehabilitación, e mentres barrios e barrios da nosa cidade están nunha situación de absoluta degradación.

Seguimos sen un servizo de aparcadoiro rotatorio, nin se puxeron de acordo para abrir o aparcadoiro do Centrad, e iso que é unha necesidade demandada por todos os veciños que poñan en marcha aparcadoiros na cidade.

Só lle queda agora, señora Méndez, para potenciar ese carril bici que vostede puxo en marcha regalarnos unha bici a cada veciño de Lugo para evitar que este carril bici se encha de maleza e se despinte, porque esa vai ser a súa finalidade.

Os seus fallos dos debe deste bigoberno superan con creces aos do haber. E esta é a realidade. E a realidade é hai que pensar no futuro, sobre todo nesta datas. E Lugo precisa dun goberno que crea nela, nas súas potencialidades, e, sobre todo, que aposte por ela.

Un goberno que non se esqueza do prioritario e que se centre no que contribúa a xerar unha cidade de futuro e de oportunidades. E iso, pois, creo que todos estamos de acordo, non se consegue cortando lazos.

Un goberno que sexa eficaz e eficiente, transparente e resolutivo, e xa nos quedou claro que nin vostedes sós nin auxiliados por uns socios de goberno máis preocupados pola súa propia imaxe dentro deste bigoberno son a solución que precisa esta cidade.

Porque Lugo precisa dun goberno que lle apeteza gobernar. Ilusionado, valente, decidido, capaz de defender os seus intereses ante outras administracións e non seguir permitindo que Lugo sexa o vagón de cola desta comunidade.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

E isto, señora alcaldesa, non o vai solucionar cos millóns de euros da Intermodal, porque poderemos contar cunha estación último modelo na que nos sentaremos a ver as vías, porque faltarán o máis importante que son os trens.

O Lugo do futuro que nos desexamos é unha cidade que sexa dinámica, onde sexa posible desenvolver un proxecto vital, onde os nosos xoves que non teñan que coller as maletas, un goberno pegado á realidade, non que viva nun mundo irreal, que persiga unha cidade pensada en global, na que os veciños das Gándaras, da Milagrosa, da Acea de Olga, de Albeiros conten por igual, sen diferenzas.

Unha cidade que sexa máis Lugo, coas nosas virtudes e cos nosos defectos, e moito menos Vancouver.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, moitas gracias. Pois é ocasión agora da intervención do voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, con dez minutos tamén.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Que o transporte público ten menos usuarios no 2022 que no 2019, vou dar unha exclusiva, pasa en todas as cidades do Estado. Que o transporte público non ten o transbordo gratuíto, vou dar outra exclusiva, o transbordo é gratuíto a día de hoxe. Que este é o goberno máis caro da historia de Lugo segundo di o Partido Popular, outra exclusiva, o Partido Popular votou a favor disto. Que o problema de okupación require dunha oficina de asesoramento, outra exclusiva, a competencia en vivenda é da Xunta de Galicia, non do Concello de Lugo.

É que o problema é que cando se anda entre Lugo e Santiago igual un non se entera moi ben do que acontece en Lugo. Iso é un problema grave, que xa lle pasou a algún portavoz anterior e vemos que se repite. E ao final non nos acabamos enterando do que realmente pasa e se acaban repetindo cousas que un ten na mente de que son así, pero que a realidade é bastante diferente.

Por certo, dicía Olga Louzao, unha vez máis, disparaba contra os contratos menores, dicir unha cousa: que claro, que ese algo, se unha obra, unha compra custa menos de 40.000 euros, a lei di que hai que facelo por un contrato menor. A non ser que queiramos engrosalo para que custe máis de 40.000 euros.

Se o proceso é ese, non? O de engrosar esa operación, para que custe máis de 40.000 euros, sacar a licitación, creo que non é unha xestión moi eficiente. Máis agora cando, como supoño que saberá, aos contratos menores pódense presentar, non vai por convites, senón se pode presentar calquera, non?

Polo tanto, ao final, hoxe, tamén hai que dicilo, hoxe foron un pouco orixinais, un pouco. Houbo un 5% de cousas novas. O resto son as consignas de sempre, supoño que para intentar contentar aos vossos militantes, que tamén entendo que é importante. Entón repiten o mesmo, as mesmas historias, que realmente, como acabo de explicar, nin sequera son certas, pero se repiten igual, que algún seguro que lle cadra.

Polo tanto, eu quero darlle os parabéns polas seguramente por todas as horas que dedicaron a preparar este Pleno, por ese 5% de cuestións orixinais, que non se dicían noutro momento, e que, polo menos, nos mantiveron atentos para saber esas novidades coas que nos ían sorprenden.

Pero o certo é que esta cidade segue avanzando. E a valoración que está na rúa pois é moi positiva. Eu creo que calquera persoa que saia á rúa pois pode ver que a valoración é moi positiva, que se está a intentar solucionar os problemas da xente, dentro de todas as complicacións e dentro de todas as lentitudes que teñen as propias administracións, que son moitas e supoño que se aspiran a gobernar tamén serán conscientes diso. Aspiran de forma teórica, sabemos que na práctica non vai ser así. Pero supoño que saberán que as administracións teñen as súas lentitudes, pero malia todo, estase conseguindo dar un avance, e ademais nun proxecto claro e nunha liña clara. Aquí non hai improvisacións, está perfectamente marcada cara a onde se vai e estase conseguindo chegar.

Polo tanto, eu simplemente quero animalos, pois, que nestes meses que quedan de mandato, que traten de cambiar un pouco o discurso, que sexan un pouco máis orixinais, incluso, no só un 5%, que traten de trasladar algunha proposta incluso, se son capaces, e non cuestionar con datos, como dicía antes, que nin sequera son certos, ou que están moi atrasados. Moitas grazas.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, pois ten agora a quenda de intervención, na segunda quenda, o voceiro do Grupo Municipal do PSOE, 10 minutos.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo. Vostedes, señores da oposición presumen agora de diálogo coa veciñanza, pero ese exercicio que, por certo, utilizan para explicar os proxectos deste goberno porque obviamente propios non teñen, xa o levamos facendo nós dende o primeiro día do mandato.

Fálolles da colaboración e das medidas de apoio ao sector do comercio e da hostalería, da instalación das barracas o pasado San Froilán, da situación do Mercado de Abastos, dos comerciantes do Camiño Real, da veciñanza de Doutor Fleming ou de Albeiros, da Milagrosa, etcétera.

E insisto, a execución deses proxectos que vostedes, por un banda, explican, pero por outra critican, non só recibiron os fondos para financiarlos, senón que son exemplo de como se deben materializar os compromisos que as cidades adquiren con Europa cando son merecentes destes fondos.

Se cren que seguir negando por proveito político é defender os intereses dos lucenses, van ter que dar moitas explicacións. Primeiro, do modelo de cidade que defenden, algo que reitero, case catro anos despois da última campaña electoral, aínda non tivemos oportunidade de descifrar. Quizais por seren vostedes o exemplo da máis pura contradición. Dicotomías nas que recaen permanentemente, da man da demagogia e, por qué non dicilo, tamén da mentira, con medias verdades e con terxiversacións da información municipal, que nin sequera solicitan na maior parte das veces.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

Unha crítica que non chega apoiada en propostas, senón que desvirtúa os proxectos aos que logo se suman cando xa se están executando e se empezan a ver resultados para reclamálos como propios. Impulso Verde, pasarela, etcétera.

E así, só por citar algún exemplo, desapareceron vostedes os meses máis duros da pandemia, e chegaron á reanudación dos plenos propoñendo a convocatoria dun programa similar ao Reanima, que xa estaba case rematando. Onde estiveron vostedes durante todo ese tempo? Ofrecéronse nun momento a colaborar con este Concello nunha situación tan complicada para os veciños.

É unha de tantas, porque, claro, segundo a súa percepción, as reclamacións da cidadanía só as atende este Concello, obviando de paso o labor do funcionariado, cando vostedes nolo piden. Pouco menos que temos auga quente nas piscinas porque foi ocorrencia súa.

Miren, neste mandato asistimos pola súa parte a una visión catastrofista de xestión, especialmente da económica, do Concello. Vostedes, que confunden conceptos como a contía do orzamento municipal ao completo, coa previsión de ingresos estimada; que nos seus titulares nos piden un exercicio de contención para evitar a suba de impostos do 23, e das taxas, pero que en cambio cando iso se anuncia predín a hecatombe financeira deste Concello.

O mesmo que cando titularon a súa nota como "El PP salva con su voto a favor del 5% del PXOM, logo de adiar inxustificadamente a súa aprobación, na que foi a derradeira incongruencia que cometían á desesperada, para xerar ruído e distorsionar a xestión do goberno en beneficio propio, sen importarlle a repercusión de todo tipo para a cidadanía.

Pero, sen dúbida, a constante súa dentro da consideración que teñen do servizo público como un xogo mediático, e sempre en clave electoral, é a seguinte: pido que non se suban os impostos, pero anuncio a apocalipse, porque no se recada máis. Pido servizos de calidade e que se fagan obras, pero non se lles ocorra pedir un préstamo, que sería perfectamente lexítimo e, por suposto, legal. Critico con dureza as ordenanzas, pero xamais, nin antes nin despois, presentaron alegacións. E xa a derradeira mostra desa contradición é que nunca apoian os orzamentos, dos que saen os cartiños para facer todas esas actuacións e eses servizos que logo nos reclaman.

Miren, a realidade neste salón de plenos é que se posicionan sempre ou de fronte para fustrigar ou de lado, sobre todo, cando o que toca é apelar ou instarlle á Xunta de Galicia. Nunca lles escoitamos reivindicar como fan agora partidas para o museo da romanización, é máis, pese ao compromiso inicial do goberno da Xunta, mesmo renegaron da proposta de rehabilitar o Cuartel de San Fernando para este fin. Agora, en cambio, preocúpanse de que non se nos concederon unha das liñas europeas de axuda e interpélanos para saber de onde van vir os fondos.

Quizais a tesitura mudaría se a Xunta, como lle é obriga, os tivera posto atendendo ás súas competencias, pois xa lle digo que atoparemos o financiamento. Non teñan a máis mínima dúbida.

Na anterior campaña, o señor Balseiro presentounos un presunto proxecto de ronda Leste, pois nunca, nin antes nin despois, lles escoitamos reclamar esa infraestrutura como agora fan.

E así chegamos á pandemia, na que lle piden ao Concello que multiplique esforzos, pois preto de 30 millóns de euros de gasto que supuxo a esta administración, atender ás circunstancias extraordinarias que impuxo a COVID. Cartos que se investiron, que deixaron máis lixeiras as arcas locais, pero que nunca lle pediron á Xunta que axudase a repoñer, a pesar de que recibiron unhas achegas cuantiosas procedentes do Estado.

Ese é o seu dobre raseiro: o de afeax que non existe saneamento do rural, e non lles esixan a quen leva recibindo máis de 11 millóns de euros nos últimos anos polo canon da auga, que reverta sequera algo dese imposto finalista para as nosas parroquias.

E, por suposto, nunca os escoitamos ir en defensa dos intereses da cidadanía, cando este verán tamén a Xunta impediu instalar, con ningunha das alternativas propostas, a zona pública de baño, o que supuxo unha aldraxe e un desprezo para os veciños e veciñas desta cidade.

Proxecto, que como ben dixo a alcaldesa, xamais renunciaremos polo ben da veciñanza, e porque non admitimos que Lugo sexa discriminado nin que os veciños poidan desfrutar cos mesmos dereitos que o resto de vilas e cidades.

E remato, pero antes quero deixar constancia doutro dato, que vostedes reiteran ata a saciedade, ese mantra que di que este goberno é o máis caro da historia.

Pois voulles dicir. No seu día puxeron ademais o grito no ceo pola suba salarial, como se a vostedes non lles afectase. Pois teño que recordarlles que vostedes reciben as nóminas exactamente co mesmo importe que calquera de nós, porque vostedes tamén son remunerados neste Concello e cobran dietas por asistencia a plenos e por comisións e teñen tecnoloxía á súa disposición todos os concelleiros e concelleiras. E reciben asignación mensual correspondente. Todo isto ascende cada ano a 294.997,27 euros. É dicir, levan vostedes gañados neste mandato 1.179.989,08 euros en concepto de honorarios. Que á vista desta reflexión, que ao meu xuízo cumpría facer, e aplicando exactamente os seus mesmos razoamentos, os define como a oposición máis estéril da historia deste Concello. Moitas grazas.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Pois para pór fin ás quendas de intervención dos grupos municipais, correspóndelle ao voceiro do Grupo Municipal Popular, con 10 minutos de tempo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, señor Santos. Miren, señor Fernández e señor Arroxo, o noso grupo, e eu en particular, dende logo que veño a este debate para falar da realidade da nosa cidade. E non veño aquí a vender fume ou titulares, que para iso xa están vostedes. E confirmouno moi ben o señor Arroxo, porque fun incapaz de anotar o número de titulares que deu. Iso é o único que saben vender, titulares.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

E tamén é bo, señor Arroxo, que recoñeza que imos gobernar este cidade. Si, si. Recoñeceuno, si, si.

E tamén e bo que recoñeza que innovamos no noso discurso un 5%, porque vostedes non chegan nin a ese 5% de innovación.

E o señor Fernández, home!, eu sei que a primeira quenda, e neste tamén, dedicouse vostede á loanza da señora alcaldesa. Eu creo que está facendo méritos para que o leve, pero eu creo que vostede xa ten feito méritos para que o teña en consideración. Persoalmente, eh. Xa llo digo.

Por moito que lles ofenda, o que queda claro é que un ano máis veñen vostedes a presentar un balance de acción de goberno e volve a reflectir que todos son proxectos de futuro, pero non hai ningunha realidade. Pero o máis grave, como lles dixeran, é que non teñen vostedes un modelo claro de cidade e, por riba, tratan vostedes de facer oposición á oposición. Non queren escoitar ao Partido Popular, que por moito que lles doa, foi quen gañou as eleccións, e somos o grupo maioritario neste Pleno. E sempre tratamos de facer propostas en positivo, e tamén apoiamos propostas de calquera grupo sempre que sexan en beneficio da veciñanza.

Así apoiamos tanto o Plan reanima, o Lugo transforma, o millón de euros para derribar o Garañón, e votamos, si, a favor do 5% do PXOM, malia que agora o goberno é incapaz de poñelo en marcha.

Porén, vostedes votan en contra de calquera iniciativa do Partido Popular polo simple feito de ser do Partido Popular. Incluso cando as apoian, logo son incapaces de poñelas en práctica.

Miren, no Partido Popular si que temos claro o modelo de cidade que queremos e que Lugo necesita xa que sabemos das potencialidades que ten esta cidade, e aí é onde imos traballar a partir de maio para sacar a cidade dunha parálise na que leva moitos anos e que vostedes son incapaces de xestionar.

E nesta segunda quenda tamén quixera falar doutras áreas moi importantes, como son Servizos Sociais, Urbanismo, Cultura, Administración Dixital, Deportes e Medio Rural. Todas elas esquecidas pola acción do goberno.

Como nos explica a señora alcaldesa que un ano máis sigamos sen sumarnos ao protocolo de Viogén? Somos a única cidade de Galicia sen asinar ese protocolo, malia que en 2019 votaron vostedes a favor dunha proposta do Partido Popular. Esta mañá para ser que quedou claro iso nalgunha comisión.

A saturación e falta de organización en servizos sociais é un feito que se repite ano tras ano. É inadmisíble que haxa lucenses en lista de espera para recibir a prestación do SAF, cando vostedes saben que a Xunta de Galicia non lles pon reparos para incrementar o número de horas, pero son incapaces xa de gastar as que teñen asignadas.

Os nosos maiores tamén son vítimas das súas políticas curtopracistas. Non quixeran pór en marcha un censo de persoas maiores que viven soas, co obxectivo de evitar riscos domésticos, de saúde ou de situacións de desprotección. Tampouco nada se fixo para impulsar o voluntariado.

O Concello de Lugo segue a ser unha administración caótica, onde facer calquera trámite é unha odisea. Desapareceu o 010, como se dixo aquí, sen dar alternativa. Seguen os problemas coa tarxeta cidadá e ninguén busca solución. E a maioría dos trámites non se poden facer a día de hoxe online.

Chama a atención a negativa de dar cita previa no Servizo de Urbanismo, co colapso que iso sucede.

Os proxectos nesta cidade estanse a eternizar: a creación da praia fluvial, 11 anos prometéndoos!, e un ano máis sen zona pública de baño. Busquen xustificación. A unión dos paseos Miño-Rato, levan vostedes 25 anos sen avanzar, e o que é máis grave, que cando o Partido Popular presentamos esta iniciativa, vostedes votaron en contra. Iso si, agora anuncian a unión deses parques, xa non é sen tempo. Pero miren, o único goberno que apostou polo cinto verde desta cidade foron os gobernos do Partido Popular, tanto no Concello como na Deputación.

Tamén seguimos á espera da derriba do emblema do urbanismo á carta do Partido Socialista do señor Orozco e do señor Besteiro. Iso si, a señora alcaldesa lévanos dado moitos e moitos titulares ao respecto, pero a realidade é que o Garañón segue aí.

Seguimos sen avanzar na actualización do PEPRI e do PEPRIM. E para nota, como lles dixen xa antes, témolo no bloqueo do PXOM, que non sabemos por qué non o poñen en marcha despois de aprobalo.

Prometen agora proxectos en barrios, que xa anunciaron fai once anos como é a declaración dunha área na Milagrosa. E esta demora, dende logo, que serviu para unha degradación paulatina deste barrio.

Non foron vostedes quen de valar certos edificios en ruínas no barrio da Tinería porque supoñían un problema para a veciñanza.

E señora alcaldesa, foi vostede cómplice do traslado do vicerreitorado. Sabíao e non nos informou. Tratou de minimizar esta decisión, pero é unha nova irresponsabilidade súa.

Tamén é responsabilidade súa que os lucenses non poidamos desfrutar do novo Auditorio. Como lle dixen, está vostede deixando a Lugo fóra dos grandes circuitos culturais. E moito me temo que sexa porque non quere poñer nas mans do Bloque a xestión do novo auditorio, pero non se preocupe, que a partir de maio haberá quen xestione esa infraestrutura.

Ademais dese bloqueo, no eido da cultura hai outras cuestións que consideramos graves.

A Banda de Música leva seis anos sen actuar de forma regular. Lamentamos que teñamos que acudir a outros concellos limítrofes para calquera evento.

E aquí o BNG, cando estaba na oposición, dende logo prometía solucións, e agora que lle toca xestionala é incapaz de darlle vida á Banda de Música.

Son vostedes incapaces de manter en bo estado e revista o noso patrimonio. Pecharon a ventá arqueolóxica da rúa Nova e miren como está de Doutor Castro: un caldeiro dentro para recoller a auga cando chove.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

E o dos museos tamén é preocupante. Temos un Centro de Interpretación con todas as pantallas fóra de servizo. Primeiro puxeron as desculpas da Covid, pero agora veñen a recoñecer en comisión que non se poden arranxar porque están obsoletas.

E para nota xa é o MIHL, onde se investiron 11 millóns de euros e despois de dez anos de vida, segue sen ter un contido definido, e hoxe utilízase para todo tipo de eventos de calquera tipo, pero sen ter un contido que lle dea o valor que se merece ese museo.

E se falamos de deportes, señor Fernández, teño que dicirlles que vostedes o deporte utilízano para facer a foto. Nada máis.

Miren, esa Xunta de Galicia que tanto vostedes critican tivo que asumir os gastos de contratación, de limpeza e dun conserxe para atender o pavillón polideportivo dos Ollos Grandes e do Lucus Augusti, ante a negativa do Concello de asumir ese gasto, porque o estaban pedindo os clubs que o utilizaban polo Concello. Agora si, iso si, agora volven anunciarnos a “bombo e platillo” a construción do novo pavillón polideportivo, pero esa obra vainos custar, saben canto?, un 40% máis por non facelo a tempo.

Pero, sen dúbida, o grande esquecido, como sempre, para este bigoberno, son as 54 parroquias do rural, xa que soamente destinan vostedes 268.000 euros. Iso si, van utilizar o Servizo da Deputación para vender favores de cara ás eleccións.

A proba desta discriminación témola no feito de que a veciñanza do rural de Lugo segue padecendo os mesmos problemas de hai dúas décadas. Carecen de saneamento e abastecemento, competencia municipal. Os problemas de mobilidade cada día son maiores para desprazarse. O estado das pistas e estradas é de abandono, e se falamos de cobertura dixital, aí as deficiencias aínda son maiores.

E vostedes, con todo isto seguen mirando para outro lado e sen tomar medidas.

En resumo, señora alcaldesa, esta é a realidade do Concello de Lugo e non esa fantasía de boas palabras que vostede nos pretende vender.

E agora para rematar, se mo permite, señora alcaldesa, agora que vostede se transformou nesa raíña maga que nos pide aos lucenses que lle pidamos algún desexo, e neste espírito de Nadal, aí voulle entregar agora unha carta do noso grupo para que no tempo que lle quede durante 2023 poida cumprir algúns dos nosos desexos, que non son só nosos, son de todos os lucenses.

Polo tanto, desexando a todos bo Nadal e boas festas, entrégolle esa carta que vostede promoveu. Fágolla chegar ao final.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Acabou entón?

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, señor. Moitas grazas. Xa desexei bo Nadal e boas festas a todos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Pois moitas grazas ás quendas polas súas intervencións. Neste Pleno, que non comporta ningún acto de resolución, pon fin a este a intervención que a continuación procederá a realizar a ilustrísima alcaldesa do Concello de Lugo, dona Lara Méndez.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois a ver se sintetizando intento dar un pouco de resposta a todo o que se citou neste debate do estado da cidade.

Gustárame iniciar dicindo e recordando, como xa fixen na primeira intervención, o contexto da pandemia no que estamos a vivir, porque ás veces creo que á oposición se lle esquece que, á parte de atender o urxente, motivado por este contexto sen precedentes, tivemos que atender o importante e o ordinario, sen deixalo desprazado en ningún momento. Puido ir a outro ritmo, certo, porque houbo que marcar prioridades, pero están todos os proxectos ou en marcha ou en proceso para dar conta e cumprir co que nos comprometéramos a principios de mandato.

E xa digo, sen un contexto sen precedentes, onde a tónica foi constante e continua de reunión coa veciñanza, de diálogo coa veciñanza, cos distintos axentes económicos e sociais da cidade, pero tamén cos veciños e cidadáns de a pé, que así o solicitaron.

Evidentemente, na época da pandemia pois estes contactos eran telemáticos, igual que celebramos incluso estes debates do estado da cidade, de forma telemática. Pero as novas tecnoloxías tamén permiten ter esa comunicación constante e continua, onde recuperamos a presencialidade porque nos gusta e nos parece que é máis fructífero o contacto directo coa veciñanza.

Pero podémolo visualizar incluso en estratexias como pode ser a propia estratexia Dusi, Muramiñae, que foi froito da escoita activa e directa con toda a cidadanía de Lugo.

Os primeiros meses meus como alcaldesa precisamente versaron e baseáronse niso. En escoitar a toda a cidadanía de Lugo. Desde sindicatos, axentes sociais, económicos, asociacións e sociais, culturais, deportivas... A todos e cada un deles. Ata este último que acabamos de recibir, este plan de turismo que acabamos de recibir co OK da Xunta de Galicia e o beneplácito do Goberno Central, que é quen financia este plan, o fixemos creando unha mesa tamén de traballo, que, por certo, mesa que criticaron. Que quen eran, que por qué estaban invitados, que con qué criterios. Porque se facemos, porque facemos, e se non facemos, porque non facemos.

Pero a realidade, e seguirá sendo así, é que seguiremos estando en contacto con todos e cada un dos veciños e veciñas da nosa cidade.

E despois de escoitalos, a verdade é que case houbo un momento que pensei que estabamos nunha clase de xestión de fondos públicos. Pero é curioso que quen fixera este tipo de aleccionamento, pois non teña xestionado nin un só fondo público en ningunha administración. Aínda que tivesen responsabilidades en

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

administracións, a xestión de fondos públicos pola súa competencia non era o que alí se facía.

Pero aleccionan e din o que e como se debería de facer ou tamén, pois, arremetendo contra un goberno lexítimo, contra un bipartito, que o único que pretende é mellorar o ben da nosa cidade.

Eu entendo que non estean acostumados vostedes a gobernar en coalición, porque lles custa moito encontrar socio de goberno. Incluso cando o encontran intentan tapalo, porque as vergoñas son tan tremendas, e estámolo vendo alí onde gobernan coa extrema dereita, con VOX, que teñen que estar tapando pois as miserias dos seus socios de goberno.

Entendo que non crean nun goberno de coalición, que non entendan que dous ou máis partidos se poidan xuntar para un fin común, que é a mellora da nosa cidade.

E volvemos escoitar aquí unha e outra vez, reiteradamente, o tema dos contratos, destes contratos menores. E como xa lle dixo o concelleiro de Infraestructuras, e eu xa llo trasladara tamén nun Pleno anterior, vólvollo dicir: os contratos menores van polas contías. O resto sería outra cousa que nós non imos facer. Inflar un contrato é outra cousa, e se o importe final desa actuación, ben sexa de servizos ou ben sexa de obras, o estipula nun contrato menor, é o que imos seguir facendo. Contratos menores. Iso si. Nunha plataforma. Dos poucos de Galicia que teñen esa plataforma, para que todas as empresas, sexa cal sexa a súa identidade, o poidan facer. Que se poidan anotar e que poidan optar a eses contratos menores legais. Que o único que diferencia ao contrato menor do maior é o seu importe. E nós con total transparencia e participación, porque poden participar todas e cada unha das empresas que queiran, así sexan fóra de Lugo, que dende logo é o hándicap que pode ter a Lei de contratos públicos cando un quere apostar polo local. Pero como é lei, pois témolo que acatar. E, polo tanto, pode vir calquera empresa, aínda que sexa de fóra de Lugo. E o importe, xa digo, é o que determina maiores ou menores.

Pero falabamos tamén dos contratos ao día. O compromiso era finalizar o mandato, ter os contratos ao día. E volvo repetir: o contexto de dificultade, e aínda así estamos avanzando moitísimo, e chegaremos a unha porcentaxe elevadísima de ter estes contratos ao día, malia a situación de dificultade pandémica, co que implicou, de reorganizar orzamentos, de priorizar noutras cuestións e incluso da implantación da administración, que tamén foi un labor arduo e complexo, pero que deu tantos e bos resultados, como xa dixen e xa darei conta tamén, pois, nos vindeiros meses.

Despois falan da ralentización tamén, pois da adxudicación dos contratos cando é unha cuestión allea, pois, ao propio Concello. Cada empresa pode entender lexítima esa cuestión que queiran pelexar para poder ser adxudicatarias. E polo tanto, pois, non depende directamente de nós.

Pero si que é certo que dos exemplos destes contratos que xa temos postos ao día, dos máis complexos e dos máis importantes que ten este Concello é a xestión de residuos e a de zonas verdes, que como moi ben xa se dixo se adxudicará en breve.

E o que non se pode facer é faltar á verdade, como se fixo aquí durante o transcurso plenario, falando dun desfase que non é tal, que poida obedecer a dúas cuestións: ben a non saber interpretar, e se é así os invito a que falen cos técnicos, para aclarar calquera tipo de dúbida que poidan ter, ou con mala intención, que sería xa outra cuestión. E eu creo que non todo vale.

Despois falan de obras non finalizadas. Que é curioso, non? As obras non finalizadas. Auditorio, praia fluvial, PXOM. Eu diría de todas e cada unha delas, e por que non están finalizadas? Que denominador teñen todas estas actuacións que son os exemplos que sacaron, para que non estivesen finalizadas. Pois o denominador é a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, efectivamente. Efectivamente. Aí si que saben. Gobernada polo Partido Popular, porque a quen se lle esquece e haberá que recordalo, porque parece que teñen unha memoria moi fráxil, que a obra finalizada no ano 2016. 2016! Non foi entregada a este Concello ata o ano 2020, catro anos despois coas garantías caducadas. E, polo tanto, o que temos que facer agora é resolver o que non fixeron vostedes, cando non supoñería nin un só euro, nin para os lucenses nin para os galegos, porque tiñan prazo de garantías, temos que asumir os lucenses a negligencia e a desidia da Xunta de Galicia neste caso, porque xa tivemos que asumir o equipamento, porque non quixo tampouco financiar o equipamento a Xunta de Galicia, igual si que fixo noutros moitos concellos: Ourense ou Ferrol cando gobernaba o Partido Popular.

Polo tanto fai distincións tamén en función da cor política e non no interese da veciñanza.

E agora, pois temos que arranxar eses danos, que non hai ningún baile de cifras. Hai dúas actuacións que facer. Por un lado, as deficiencias, o arranxo de deficiencias. E, por outro lado, a urbanización. Que se falou delas por separado e se falou conxuntamente, e despois optamos de facelo por fases para intentar, canto antes, que os lucenses poidan desfrutar desta infraestrutura, que empezou no ano 2004, sendo o señor Feijóo conselleiro de Política Territorial naquel momento, e agora xa o mandaron para Madrid. E aínda así, en todo este período de tempo, non foi quen de poder ver esta actuación, que foi das poucas que fixo no seu mandato, tamén na nosa cidade, co empuxe deses catro anos de goberno bipartito da Xunta de Galicia.

Pero poñían tamén outro exemplo: praia fluvial. Buscou un enclave, díxose que non, por parte do Ministerio. Naquel momento o Ministerio tamén era gobernado polo Partido Popular. Pero díxose que non a ese enclave. Por parte, que non, da Xunta de Galicia, búscase outro enclave. Solicítanse os permisos, cada vez hai que solicitar máis permisos: que un estudo de altimetría, que un de iluminacións, que un tal... Vaise facendo todo, temos o OK da Xunta de Galicia, temos o OK da Confederación, licítamos, facemos un investimento por parte do Concello e no momento de iniciar as obras vén a Xunta de Galicia e o para. Despois de que nos dese xa o OK. E como alternativa dinos que vaiamos ao primeiro enclave que solicitáramos cando ela mesma xa nos dixera que non.

Iso chámase burla aos cidadáns lucenses. Por iso lle dicimos que esta obra é irrenunciable. Esta actuación, esta nova infraestrutura é irrenunciable para a cidade

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

de Lugo e para os cidadáns de Lugo, que seguiremos pelexando por ela antes de renunciar, porque sería fallarlles aos veciños e veciñas.

E falan vostedes tamén do 5% do PXOM, outra obra, outra cuestión inacabada. Pero resulta que aquí xa, só como exemplo da forma anecdótica, máis aló dun expediente engoroso, complexo polas dificultades, que se fixo un gran traballo desde Urbanismo para poder chegar a este punto, de poder xa aprobalo definitivamente. Pero resulta que estivo perdido na Xunta de Galicia. Non só estivo perdido na Xunta de Galicia, senón que se preguntou no propio parlamento onde estaba ese 5% do PXOM, malia que levaba tempo na Xunta de Galicia e sen saber desde o Partido Popular local, provincial, xa non sei se máis, onde estaba ese expediente. E por que recordo isto e digo isto? Porque ao mellor despois había que xustificar que se ía todo moi seguido, que se resulta que lle damos o OK a ese informe e se aproba definitivamente na sesión plenaria, visualizaríase moito que estivo ese tempo perdido por parte da Xunta de Galicia. Entón pois volvemos mandar ese expediente dicindo que novamente ten que informar, ten que apuntar algo a Confederación do que xa apuntara.

E, polo tanto, enredamos e dilatamos canto máis poidamos todos eses procesos.

Con que único fin? Con sacar un rédito político, que é o único fin que ten. E así, entre outras, intentar dicir que non xestionamos ou que non queremos sacar adiante proxectos tan importantes para a cidade.

Pero a realidade é que gracias a este goberno, en moitos casos grazas ao meu empeño persoal de sacar adiante moitos temas, hoxe é unha realidade a Intermodal e tampouco vou perder moito perder en recordar que o Partido Popular no ano 2012 meteu este proxecto nun caixón cando gobernaba Mariano Rajoy e Ana Pastor, dous galegos, en Madrid, e nos obviaron completamente, porque estaba xa adxudicado, e o deixaron nun caixón. Pero digo, non vou entrar, porque fomos quen, digo, de poñer en marcha, pois, estas iniciativas que serán fundamentais para o desenvolvemento da nosa cidade e onde se levan investidos máis de 540 millóns de euros na modernización, no ancho de vía, na electrificación da vía, para que sexa unha realidade a chegada da alta velocidade á nosa cidade, cousa que tampouco fixo o Partido Popular mentres gobernaba.

Pero grazas a Lugo podemos seguir poñendo en valor o desenvolvemento da Tinería, con moitas iniciativas que estamos levando a cabo, desde a rehabilitación no centro histórico, onde levamos anos e anos traballando nese eido, dende o convenio que temos xa a piques de asinar a expensas de que a conselleira me dea unha data para que poida achegarse a nosa cidade a asinar ese convenio co pazo de dona Urraca, co viveiro a pé de rúa que puxemos en marcha na Tinería, co programa *Localmente lucense* que estamos a desenvolver nesa zona e todo o centro histórico, para dinamizar a economía dese barrio e do corazón da cidade.

Quen ten as competencias propias en vivenda, pois, vai ao ritmo que xa se citou aquí e, polo tanto, nós imos incidir.

Outro proxecto, perdón, que grazas a Lugo e, nominativamente, á miña persoa volve estar enriba da mesa é o museo da romanización, despois de estar

anos e anos esquecido por parte da Xunta de Galicia e despois de que o antecesor do delegado da Xunta na provincia de Lugo empezase, pois, a falar, para sacar o tema de conversación dunhas eleccións, como sempre, porque é cando se fala destes temas de escena, pois empezar a falar dun parador que non había nin a demanda social, cando a demanda social está clara e definida que é que ese museo da romanización sexa unha realidade.

Nós seguiremos a buscar fondos dentro dos Next Generation ou dentro doutras vías para facer esta rehabilitación e para acadar ese museo da romanización, e lle seguirei pedindo á Xunta de Galicia o seu compromiso claro e decidido, como tiña no momento do goberno do bipartito da Xunta, como perdeu coa entrada o señor Feijóo, e como parece ser que agora pois si hai ese compromiso, e así o manifestou o presidente actual, o señor Rueda, de que financiaría na parte que non se acadara, pois, por outras vías. Polo tanto, seguirei reclamando ese compromiso á Xunta de Galicia, para que se comprometa con Lugo e con ese proxecto.

Pero falan tamén do Sagrado Corazón, outro proxecto, que grazas a este goberno e grazas á miña persoa, volve estar enriba da mesa, porque solicitei unha reunión co conselleiro, e eu non sei se collín ao conselleiro moi imberbe aínda no tema da política. E recibíume, e comprometeuse, e despois xa houbo que facer outra para tamén convidar a máis axentes á reunión, onde alí non poñiamos os terreos a disposición da Xunta, o que faciamos era un convenio a tres bandas, entre a titularidade, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo.

É o que estamos a facer agora, en conversas entre Abanca e o Concello, para despois facer ese convenio a tres bandas.

É no proceso no que estamos e no que se arranxaran este acordo, espero que siga co compromiso, pero que a Xunta, en vez de chamalo para facer as fotos. Por certo, moitas veces vemos como están os concelleiros da oposición nesas visitas ás distintas cuestións da nosa cidade, pero nin o Concello nin a alcaldesa teñen coñecemento de tales visitas, que é curioso cando falamos de respecto institucional ou do compromiso da Xunta con Lugo e non é quen ás veces nin de avisar a quen teña a máxima representación da cidade, que é a alcaldesa.

Entón se en vez de chamalos a tantas fotos, os chamasen, pois, ás reunións, ou lles deran conta do que se falan nas reunións, pois previsiblemente non dirían ou meterían a pata como ás veces a meten nas súas intervencións.

E falouse moito, díxose outra vez moito dos fondos europeos. Parece que non lles gusta ou teñen medo... Ou ogallá non fósemos quen de acadalos, pero a realidade é que levamos 44,5 millóns de euros dende que eu son alcaldesa de consecución e de xestión de fondos europeos. 44,5 millóns de euros. E o porqué e o para qué o marca o BOE e as directrices tamén da Unión Europea. E nós adaptámolo ao noso Concello, en función das necesidades e das prioridades que como goberno marcamos.

E están fartos, e levan anos falando desas obra inútiles e innecesarias, aparellando sempre o custo do orzamento da obra. O orzamento dunha obra non o

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

determinamos nós, determínano os prezos públicos e os prezos de mercado. Se vale un millón, vale millón e medio ou vale 800.000, reitero, non o estipulamos nós.

Nós dicimos que queremos conectar cunha pasarela a zona da Cheda e a zona de infraestruturas deportivas doutra índole que hai do outro lado da Nacional VI, e é o que facemos. Que se o importe desa obra é un millón? Pois é un millón. Que son 800.000? Pois mellor para o Concello. Que son 400? Pois dependerá, xa digo, dos prezos de mercado que non poñemos, pero sempre están falando deses custos que teñen esas infraestruturas. E falan, pois, das infraestruturas inútiles do carril bici, das Caldas, da Pasarela... malia que cando están en funcionamento vemos como é utilizado por moitísima xente, miles de persoas, e, á parte, aplaudidas por moitísima xente esas infraestruturas.

Cando falamos de conectividade, precisamente trátase diso, de buscar puntos de conectividade, e no só os existentes: mellorar os existentes, facer puntos novos e facelos desde un punto de vista seguro, lumínicos, desde unha perspectiva de xénero, que despois reivindicamos e queremos todos, fáisenos a boca grande, pero despois criticamos, que se son obras faraónicas ou que se son obras innecesarias.

Pero falamos tamén do Edificio Verde. O Edificio Verde, o Edificio "inútil" Verde, como temos escoitado nalgunha ocasión. Os hortos comunitarios, que se son excesivos, que se deixan de ser e outras cuestións que van dentro dese proxecto, Lugo máis biodinámico. Que lles quero dicir tamén: ao mellor se non fosen eses hortos comunitarios ou non fose ese Edificio Verde, pois ao mellor non eramos beneficiarios dese Life. Dous. Só houbo dous en todas España ese ano. E ao mellor non eramos beneficiarios, pero resulta que fomos un dos dous proxectos que houbo Lifes ese ano e un foi o de Lugo.

E non o di a alcaldesa, que tamén, senón a propia comisaria europea, que veu fai uns días a facer a valoración do peche do proxecto. E dixo: "superou moito as nosas expectativas". Porque non só están as actuacións concretas que ían no Life, senón que realmente era unha estratexia de cidade, é unha estratexia de futuro, é un motor económico e é un motor tamén no cambio de modelo produtivo e na diversificación económica.

E, como digo, díxoo a propia comisaria, que ademais o vai a levar como exemplo para extrapolar a outras cidades medias.

E nós non nos quedamos cos 44,5. Xa lles digo, a día de hoxe que seguirei solicitando fondos europeos nas convocatorias que poidamos concorrer para seguir atendendo as necesidades. Porque as hai. Porque no só hai as existentes, senón que unha vez que resolven as existentes, xéranse novas necesidades, porque iso son as cidades vivas, de xerar e de ter que dar solución ás novas problemáticas que se poidan ir dando.

E poñíase como exemplo o que imos solicitar agora do cinturón verde. Xa se lle ten dito á oposición nunha e en moitas ocasións que cando soliciten algo que xa estamos a facer o que xa está contemplado que terán un non por resposta. Que sexan creativos, que estruxen a cabeza e que traian iniciativas que teñan capacidade transformadora, pero que xa non estean contempladas.

Porque ese proxecto de cinturón verde está contemplado no Life, no pasado mandato xa. Está, si, señor Carballo, que di así que non coa cabeza. Está contemplado no Life. É un documento, un estudo que se fixo cargo a ese proxecto. O que se trata é de darlle continuidade e de seguir mellorando, mellorando o do Rato, que é certo que se iniciou nalgún mandato do Partido Popular..., por certo, a quen vostedes defenestraron, ao seu compañeiro de partido, o señor Cacharro, que defenestraron, foi el o que empezou.

Pero que se mellorou, en gobernos socialistas tamén, con José Ramón Gómez Besteiro, facendo ese proxecto de iluminación e despois co señor Darío Campos, facendo ese proxecto de carril bici.

E nós o que queremos agora é precisamente darlles a continuidade, porque agora temos eses fondos, porque volvo dicir, insisto, no contexto socioeconómico difícil que nos está tocando vivir.

Entón, temos que aproveitar, tamén, a consecución deses fondos para seguir desenvolvendo o noso modelo de cidade.

Así que, como digo, xa lles anuncio que imos seguir solicitando e imos seguir acadando fondos europeos para seguir transformando a nosa cidade.

E o que non vale é xerar medo, que é o que pretenden. Só cunha finalidade: buscar un rédito político. Xerar medo que o que fan, ademais, como solucións que aportan, dentro dese medo que intentan xerar co tema dos okupas, dos gorrillas, e a solución que pretenden facer é que nós asumamos as competencias da Xunta de Galicia. Que deamos as solucións que tiña que estar dando a Xunta de Galicia ou que fagamos o que ten que facer a Xunta de Galicia. Iso si. Sen cartos. Porque xa dixen que non foron quen de dar aos concellos eses 680 millóns de euros que asumimos os concellos de competencias impropias nunha situación de dificultade tremenda, cando si a Xunta recibiu cartos do Estado, e que prefire devovelos. Prefire devolver os cartos que dárnolos aos concellos, que xa é triste e lamentable.

Pero esa é a realidade. Incluso dicindo que non imos ter máis prazas de Policía ata o ano 25. É falso tamén. E temos unha taxa de reposición anual, que ademais cubrimos todos os anos, e que aprobamos esta última oferta de emprego publico con 10 novas prazas de Policía Local.

E, polo tanto, dicía, non todo vale, non todo vale, señores do Partido Popular. Non todo vale.

E hoxe vémosto na máxima expresión, na figura de José Ramón Gómez Besteiro, que por certo, quen saíu moitas veces a coalición neste Pleno, e hoxe estamos vendo como non tiña ningunha culpa máis que ter opcións a ser presidente da Xunta de Galicia, estar no Partido Socialista, e esa foi a súa culpa, porque tal e como se demostrou na xustiza non ten ningún cargo como xa lle pasara tamén ao noso querido alcalde, o compañeiro Orozco, que despotricaron e levan despotricando vostedes durante anos, contra estas dúas persoas.

E cando digo non todo vale é que non todo vale. Non vale tamén ir con papeliños, porque agora xa sei de quen aprendeu vostede, señor Ameijide, de levar papellillos. No seu caso, os papeliños eran as súas notas de prensa, polo tanto, opinións. No

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac319858684284435932.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 22-12-2022 (DEBATE ESTADO DO CONCELLO)

caso da señora Candia, o que levaba ao xulgado eran anónimos para enturbar a figura de José Ramón Gómez Besteiro, cando ela era portavoz da Deputación Provincial.

Estas, segundo as palabras do señor Carballo é a persoa de altura de miras que queren poñer. Debe ser que aquí nestas miras non hai ningunha persoa con altura. Esa é a persoa que queren poñer á fronte, para explicar o noso modelo de cidade, que ademais é curioso. Porque despois falan de que teñen un modelo de cidade que eu aínda descoñezo.

E si, o Lugo transforma vai ser unha revolución e un revulsivo para a nosa cidade. E o digo eu, en primeira persoa. Pero o di Leite Río, o di Arenal o di Dimanán, o di Torre de Núñez, o di Norvento, o di o Grupo Progreso, o di Alibós, o din as entidades financeiras, o din as confederacións de empresarios, ..., a CEL, o club financeiro de Santiago... Dino outras administración que nos están solicitando informe e información sobre este proxecto. Dino outros fondos de capital risco e o din, sobre todo, o din, sobre todo, as 50 propostas e proxectos que xa se puxeron en contacto co Lugo Transforma para poder ser un dos beneficiarios.

E si. Ten uns requisitos. Ten que pasar un proceso, evidentemente. Porque é un fondo de capital risco, non un regalo dunha ONG. E, polo tanto, hai que facer estudos previos e avaliación deses proxectos, vale?

Pero, si. Apostamos por iso. E vai ser un revulsivo para a cidade, en canto á creación de emprego e á creación de riqueza.

E finalizo dicindo que nós temos un modelo de cidade claro e definido. Pódese compartir ou non, que aí están despois as distintas sensibilidades dos distintos grupos políticos que conformamos esta Corporación, Pero temos un modelo de cidade claro e decidido, e definido, que comparte gran parte da poboación lucense. É certo que haberá xente que non lle guste, é certo que todo pode ser criticable. Pero a min como oposición si que me gustaría que as críticas viñesen acompañadas de alternativas, porque eu descoñezo completamente o proxecto de cidade do Partido Popular, da oposición. Descoñezoo completamente. O que si sei é que se están sumando ao noso, incluso están presentando o noso.

Eu o que teño claro é que vou seguir traballando na transformación física da cidade, desde peonalizacións, que xa empezamos no pasado mandato: Milagrosa, Soto Freire, Recatelo. Iso si, tivemos que ir buscar financiamento á Deputación Provincial, porque non fomos quen de aprobar aquí eses últimos orzamentos, máis aló do que vinculei a unha cuestión de confianza.

O Quiroga Ballesteros, que tamén tivo que esperarse a este mandato porque non tivemos orzamentos, ou distintos proxectos que se seguen avanzando nesa peonalización.

Pero a transformación física vai ir moito máis aló da peonalización. Vai da humanización nas zonas de confort, na socialización, na relación interxeracional que para nós é fundamental, nas novas infraestruturas, na conectividade, na sostibilidade...

E, polo tanto, nesa transformación física seguirei traballando en futuros anos polo ben da cidade de Lugo e tamén na transformación económica. Fundamental. Xa iniciada tamén no pasado mandato e reforzada con ese Lugo Transforma, ese fondo de capital risco que tantos e bos réditos dará para a cidade, que é o grande obxectivo que teño como alcaldesa e que seguirei tendo no futuro.

Así que grazas a todos e a todas. Damos por concluída esta sesión plenaria do día de hoxe, desexándolles unha feliz Noiteboa e feliz Nadal a todos e a todas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do expresado día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.